

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE APROBACIÓN POLO PLENO NÚM. 3/2022

- *Proposta da Presidencia.*
- *Estados numéricos.*
- *Informe de Intervención.*
- *Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.*
- *Certificado do acordo plenario.*
- *Publicación no BOP da aprobación inicial.*
- *Certificado de que non se presentaron reclamacións.*
- *Publicación no BOP da aprobación definitiva.*



ASUNTO: Expediente de modificación de créditos núm. 3 de aprobación polo Pleno. Orzamento xeral 2022.

PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Incoado por orde desta Presidencia o Expediente de Modificación de Créditos núm. 3/2021, redactado polo Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, sométese a ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior e posteriormente ao Pleno Corporativo para a súa preceptiva aprobación.

Tralo estudo das propostas formuladas polos responsables das distintas áreas da actividade provincial, esta Presidencia somete á consideración do Pleno Corporativo, o expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 por importe de 6.727.860,41 €. Importe que na súa maior parte se destina á habilitación de créditos para o mellor funcionamento dos servizos provinciais, e outra parte destacada para atender as solicitudes presentadas por distintos Concellos e entidades da provincia, coa finalidade de que dende esta institución se cofinancien distintas actuacións de interese público provincial.

O detalle das propostas queda reflectido no estado numérico que consta no expediente, onde figuran as dotacións o seu financiamento, de acordo co disposto no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, todo isto de conformidade coas propostas que o xustifican.

Este expediente de modificación de créditos por un total de 6.727.860,41 €, financíase con remanente de tesourería para gastos xerais (6.471.338,85 €) e con baixas noutras aplicacións (256.521,56 €) de conformidade co artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL) aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e artigos 36 e 37.2 do Real decreto 500/1990.



Neste expediente incorpóranse coa finalidade de estudar as propostas subscritas polos/as Deputados/as responsables de cada área:

- Propostas de subvencións directas a concellos para o cofinanciamento de proxectos de interese público, a solicitude dos/as Alcaldes/as de cada Corporación, subscritas polos Deputados/as responsables de cada área:
 - Xosé Luis Penas Corral, como Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento.
 - José Blas García Piñeiro, como Deputado de Promoción Económica e Asistencia a Municipios.

Xunto coas solicitudes de colaboración presentadas, os/as Alcaldes/as achegan documentación inicial incluída na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP núm. 150, do 10 de agosto de 2021).

- Propostas de subvencións directas ou convenios con entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, a solicitude dos representantes das mesmas, subscritas polos Deputados/as responsables de cada área:
 - Xosé Xurxo Couto Rodríguez, como Deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística.
 - Xosé Regueira Varela, como Deputado de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural.
 - José Blas García Piñeiro, como Deputado de Promoción Económica e Asistencia a Municipios
 - José Ramón Rioboo Castro, como Deputado de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible.
- Propostas de dotacións para a mellora do funcionamento dos servizos públicos subscritas polos Deputados/as responsables de cada área:
 - Xosé Luis Penas Corral, como Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento.



- José Manuel Pequeño Castro, como Deputado de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais.
- Xosé Regueira Varela, como Deputado de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural.
- Cristina Capelán Cancelo, coma Deputada de Deporte e Xuventude.
- Ana Lamas Villar, como Deputada de Benestar Social e Educación.
- José Blas García Piñeiro, como Deputado de Promoción Económica e Asistencia a Municipios.
- Sandra González Castro, coma Delegada especial en materia Educación e de Xuventude.
- Antonio Leira Piñeiro, como Deputado de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.

Do contido do expediente, cabe salientar o seguinte:

1.- Incrementábase en 2.031.132,99 € a dotación para investimentos do máximo interese público como son as estradas, onde se terá en conta as prioridades de investimento financeiramente sustentable na rede viaria provincial e a necesaria revisión dos orzamentos das obras que, xa aprobadas tecnicamente, están pendentes de contratar polo Servizo de Vías e Obras.

2.- O Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, desenvolto durante o ano 2021 e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia recolleu, entre outras actuacións destinadas á reactivación do sector turístico, o establecemento de diferentes medidas encamiñadas a estimular o turismo interno, inxectar liquidez no sector e promover a súa recuperación nun momento de enorme dificultade derivado da crise sanitaria.

Entre estas accións, está o Bono turístico #QuedamosEnGalicia, unha iniciativa froito da colaboración da administración e o Clúster Turismo de Galicia. Para fomentar esta actividade a dotación orzamentaria da colaboración coa Xunta no proxecto é dun importe



de 600.000,00 € para o 2022, polo que neste expediente inclúese unha dotación de 220.000,00 €. (No EMC nº 2/2022 incluíuse unha dotación de 380.000,00 €)

3.- Supleméntanse 1.306.857,36 € para o posible cofinanciamento de proxectos singulares e de interese público con concellos da provincia, os cales motivan as circunstancias polas que non é posible a súa inclusión no Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal (POS+).

4.- Supleméntanse 400.000,00 € para o PEL de colaboración coas Universidades da provincia da Coruña (USC e UDC), coa finalidade de impulsar proxectos innovadores na provincia a través da sociedade de capital de risco UNIRISCO.

5.- Supleméntanse 285.000,00 € para levar a cabo distintos convenios con universidades, e 239.000,00 € para o cofinanciamento de convenios con distintas entidades sen fines de lucro co obxecto de dinamizar o turismo e a cultura na provincia.

6.- Debido por unha banda a volatilidade dos mercados de subministracións de gas e gasóleo e por outra polas comercializadoras das subministradoras eléctricas, o crédito que se dotou nas distintas aplicacións no orzamento 2022 para facer fronte a estes gastos resultou insuficiente por lo que se teñen que complementar por un total de 394.000,00 € as distintas aplicacións que recollen estes gastos.

7.- Supleméntanse 753.140,00 € para levar a cabo distintas actuacións no patrimonio provincial e para melloras no funcionamento dos servizos provinciais.

8.- Supleméntanse 641.608,50 € para melloras no funcionamento dos servizos e para levar a cabo distintas actuacións no ámbito cultural, turístico e social.

9.- Supleméntanse 200.000,00 € para facer fronte ás comisións bancarias que impoñen as distintas entidades financeiras por ter as contas operativas, restrinxidas ou financeiras abertas nelas.

É preciso salientar que o procedemento seguido para facer as previsións de dotación orzamentaria no que a subvencións de concesión directa se refíre, as cales continuarán a súa tramitación cando o presente EMC sexa firme, foi o mesmo que se seguiu en todos os



expedientes de modificación de créditos aprobados na Deputación Provincial da Coruña ao longo dos últimos anos.

Neste senso, cabe recordar que un expediente de modificación de crédito, como o que nos ocupa, non supón de seu o recoñecemento dun dereito de contido económico, nin tampouco a autorización, disposición, ou compromiso de gasto a favor dun terceiro; trátase do paso previo, isto é, a habilitación do crédito adecuado e suficiente para o gasto do que se trate, e dicir, trátase de dotar o correspondente crédito orzamentario que financiará no seu caso as subvencións directas propostas (criterio mantido por Don Carlos A. Amoedo Souto, Catedrático E.U. Dereito Administrativo, no seu informe de data 28 de abril de 2021, emitido a petición do Deputado Don Antonio Leira Piñeiro).

Atopámonos en consecuencia nunha primeira fase procedimental, determinada unicamente pola reserva orzamentaria, individualización do beneficiario, concreción do obxecto e fixación do orzamento e coeficiente de financiamento ou porcentaxe do gasto total que cubre a subvención, o que se determina segundo as indicacións da Intervención Provincial nos últimos anos (neste senso, invócase a STSX de Galicia, núm. 381/2016, ditada para xustificar e confirmar a legalidade da actuación da nosa Administración Provincial).

O exposto, en harmonía co contido nas *"Consideracións previas"* dos Informes emitidos pola Intervención Provincial en anteriores expedientes de modificación de créditos: *"En relación coas propostas de subvencións nominativas contidas no expediente obxecto de informe, é de significar que, unha vez que o expediente de modificación de créditos sexa firme e executivo, débense tramitar os correspondentes expedientes administrativos. En todo caso, nos expedientes que se tramiten acreditaranse as razóns singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación establecidos na normativa xeral de subvencións para este tipo de gastos"*.

No presente EMC, constan informes emitidos polos/as correspondentes Deputados/as responsables que recollen a xustificación do interese público e da excepcionalidade para a posible concesión da subvención directa. En calquera caso, a apreciación da



excepcionalidade corresponde ao Pleno da Corporación Provincial no momento procedimental oportuno, cando se aprobe a correspondente proposta de convenio de colaboración.

É preciso recordar, que toda esta documentación é froito do compromiso desta Presidencia de dotar da máxima garantía e transparencia o procedemento de outorgamento de subvencións de concesión directa; respecto ao que cabe facer as seguintes consideracións:

En primeiro lugar, a existencia de subvencións nominativas e o procedemento de concesión directa está previsto legalmente, tanto na lexislación básica estatal, como na propia Lei galega de subvencións, e vén sendo utilizado moi frecuentemente tanto pola Administración do Estado (no BOE publícanse con moita frecuencia reais decretos polos que se autorizan e regulan subvencións concedidas por este procedemento), como pola Comunidade Autónoma de Galicia (véxase a tal efecto o anexo correspondente a Lei de orzamentos para o ano 2021).

En segundo lugar, estas modificacións impulsadas pola propia Presidencia da Deputación da Coruña non supoñen anticipar a tramitación dos correspondentes expedientes administrativos de concesión á fase procedimental na que agora nos atopamos, determinada, reiteramos, unicamente pola habilitación do crédito adecuado e suficiente para o gasto do que se trate.

Por conseguinte, unha vez que o EMC 3/2022 sexa firme e executivo, as respectivas áreas xestoras da Deputación, de acordo co establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e nas Bases de execución do orzamento para o exercicio 2022, solicitarán aos concellos e ás entidades calquera outra documentación que non obre neste momento procesual no expediente e que resulte legalmente necesaria para a posterior tramitación administrativa individualizada das subvencións directas; tal e como veñen afirmando os informes da Intervención Provincial, nos seguintes termos *"Polo tanto, no expediente administrativo a través do cal se tramite o oportuno convenio administrativo deberanse acreditar as razóns excepcionais de interese público que impiden ou fan que non sexa conveniente a actuación a través dos Plans Provinciais, ou mediante os programas xerais de subvencións dirixidos á totalidade dos Concellos da provincia"*.



Debendo quedar garantida, en todo caso, a non omisión dos requisitos ou trámites esenciais nos termos establecidos no artigo 216.2.c) do TRLRFL.

Por outra banda, en cumprimento do disposto na normativa reguladora da estabilidade orzamentaria, faise constar que o plan económico-financeiro para corrixir a situación de inestabilidade orzamentaria concrétese en constatar que a única causa da inestabilidade é a utilización do remanente de tesourería para o financiamento de expedientes modificativos derivados de gastos comprometidos en exercicios anteriores. A maior abundamento caben facer as seguinte consideracións:

- A deputación ven cumprindo cos obxectivos contidos na normativa sobre “morosidade” nas operacións mercantís.
- A situación da tesourería provincial reflíctese no arqueo do 31 de maio, que expresa unhas existencias en fondos líquidos de 237.984.337,28 €.
- A evolución das previsións de ingresos do orzamento 2022 recolle a devolución das liquidacións negativas da PIE dos exercicios 2008 e 2009 como elementos que minoran as ditas previsións de ingresos.
- No orzamento do exercicio 2022 consígnase unha dotación de 3.780.000,00 € destinada a constitución do fondo de continxencia.

Por todo o exposto, propónse ás señoras e señores deputados que adopten os seguintes acordos:

1.- Aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 6.727.860,41 € e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		A.2) Baixas (fontes de financiamento):	
CE. Créditos extraordinarios:	1.200.140,00	Remanente de Tesourería:	6.471.338,85
SC. Suplementos de crédito:	5.527.720,41	Baixas por anulación:	256.521,56
Total aumentos:	6.727.860,41	Total financiamento:	6.727.860,41



B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	44.210,30	0,00
2. Gastos correntes	1.064.398,20	0,00
3. Gastos financeiros	200.000,00	0,00
4. Trans. Correntes	861.121,26	180.000,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	2.891.272,99	0,00
7. Trans. de capital	1.666.857,66	76.521,56
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	6.727.860,41	256.521,56

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impuestos directos	0,00
2. Impuestos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	6.471.338,85
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	6.471.338,85

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento



do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación de emerxencia extraordinaria provocada pola pandemia formalmente declarada.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara aos potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e aos órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio



administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, e do interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

O presidente

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)



DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Data Obtención 10/06/2022 7:25:39

Páx. 1

RESUMO DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

Expediente: **2022000036468** Data: **07/06/2022** Grupo Apuntes:
 Texto Explicativo: **12 - EMC3, de aprobación polo Pleno (SC - CE)**
 Situación Expediente: **En Elaboración** Data Contabilización:

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	ALTAS	BAIXA
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1.- GASTOS DE PERSOAL		44.210,30	
2.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS		1.064.398,20	
3.- GASTOS FINANCEIROS		200.000,00	
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES		861.121,26	180.000,00
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS			
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6.- INVESTIMENTOS REAIS		2.891.272,99	
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		1.666.857,66	76.521,56
8.- ACTIVOS FINANCEIROS			
9.- PASIVOS FINANCEIROS			
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		6.727.860,41	256.521,56

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	ALTAS	BAIXA
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1.- IMPOSTOS DIRECTOS			
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS			
3.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS			
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES			
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS			
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS			
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			
8.- ACTIVOS FINANCEIROS		6.471.338,85	
9.- PASIVOS FINANCEIROS			
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		6.471.338,85	



DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Data Obtención 10/06/2022 7:28:01

Páx. 1

RESUMO POR RECURSO DE FINANCIAMENTO

Expediente: 2022000036468 Data: 07/06/2022 Grupo Apuntes:

Texto Explicativo: 12 - EMC3, de aprobación polo Pleno (SC - CE)

Situación Expediente: En Elaboración Data Contabilización:

5) Remanente de Tesorería (Financiación General) 6.471.338,85

2) Bajas de Crédito en otras Aplicaciones. 256.521,56

TOTAL POR RECURSOS DE FINANCIAMENTO 6.727.860,41

Total baixas por anulación -256.521,56



DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Data Obtención 10/06/2022 7:27:25
Páx. 1**RESUMO DE EXPEDIENTES POR TIPO DE MODIFICACIÓN**

Expediente: 2022000036468 Data: 07/06/2022 Grupo Apunte
Texto Explicativo: 12 - EMC3, de aprobación polo Pleno (SC - CE)
Situación Expediente: En Elaboración Data Contabilización:

RESUMO DE MODIFICACIÓNS DE GASTOS**Importe EURO**

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	1.200.140,00
B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	5.527.720,41
C) AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO	
D) INCORPORACIÓN DE REMANENTES	
E) CRÉDITOS XERADOS POR INGRESOS	
F) BAIXAS POR ANULACIÓN	-256.521,56
G) TRANSFERENCIAS POSITIVAS	
H) TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	
I) AJUSTES AL ALZA POR PRÓRROGA PRESUPUESTARIA	
TOTAL MODIFICACIÓNS DE GASTOS	6.471.338,85

RESUMO DE MODIFICACIÓNS DE INGRESOS

A) AUMENTO DAS PREVISIÓNS	6.471.338,85
B) DISMINUCION DAS PREVISIÓNS	
TOTAL MODIFICACIÓNS DE INGRESOS	6.471.338,85

Páx. 1

Situación Expediente: **En Elaboración** Data Contabilización:

G/I	Aplicación	Proxecto	Axente	Tipo de Modificación	R.F.	Mod. Ingresos	Mod. Gastos	Texto Explicativo
G	0112 92011 650 Investimentos para ou. entes públicos- Proxectos			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		100.000,00	Habilitacion credito
G	0420 3242 63200 Reposición edificios e ou. construcións- IES Puga Ramón			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		41.210,00	Habilitacion credito
G	0420 3335 63200 Reposición edificios e ou. construcións- Teatro Colón			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		60.000,00	Habilitacion credito
G	0420 92013 63200 Reposición edificios e ou. construcións- Parque Móbil			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		45.000,00	Habilitacion credito
G	0420 93364 63200 Reposición edificios e ou. construc.-Edif.Administrativo AMH			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		467.000,00	Habilitacion credito
G	0420 93366 63200 Reposición edificios e ou. construcións- Pazo de Mariñan			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		39.930,00	Habilitacion credito
G	0510 3343 481 Subv. a familias e inst. SFL- Música, teatro e cinematogr.			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		40.000,00	Habilitacion credito
G	0520 24100 75301 PEL- Subv. entidades públicas e ou. CCAA			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		400.000,00	Habilitacion credito
G	0612 3411 62999 Outro inmobilizado material- Prom. e fomento do deporte			010 + CREDITOS EXTRAORDINARIOS	5		7.000,00	Habilitacion credito
G	0012 92002 22799 Outros traballos- Cobertura informativa			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		85.000,00	Suplemento aplicacion
G	0112 1532 76201 Subv. a concellos- Pavimentación de vías públicas			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		70.000,00	Suplemento aplicacion
Suma e sigue:							1.355.140,00	

G/I	Aplicación	Proxecto	Axente	Tipo de Modificación	R.F.	Mod. Ingresos	Mod. Gastos	Texto Explicativo
G	0112 1601 76201 Subv. a concellos- rede de sumidoiros			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		144.000,00	Suplemento aplicacion
G	0112 1711 76201 Subv. a concellos- Parques e xardíns			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		48.402,96	Suplemento aplicacion
G	0112 1711 76201 Subv. a concellos- Parques e xardíns			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		76.800,00	Suplemento aplicacion
G	0112 3365 22609 Actividades culturais e deport.- Castelo de Vimianzo			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		25.000,00	Suplemento aplicacion
G	0112 3420 76201 Subv. a concellos- Instalacións deportivas			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		240.000,00	Suplemento aplicacion
G	0112 4532 76201 Subv. a concellos- Estradas municipais			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		120.000,00	Suplemento aplicacion
G	0112 4532 76201 Subv. a concellos- Estradas municipais			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		144.000,00	Suplemento aplicacion
G	0112 4541 76201 Subv. a concellos- Camiños veciñais			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		191.995,29	Suplemento aplicacion
G	0112 4541 76201 Subv. a concellos- Camiños veciñais			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		81.659,41	Suplemento aplicacion
G	0112 93391 76201 Subv. a concellos- Xestión doutro patrimonio			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		150.000,00	Suplemento aplicacion
G	0320 9343 359 Outros gastos financeiros- Tesourería			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		200.000,00	Suplemento aplicacion
Suma e sigue:								2.776.997,66

G/I	Aplicación	Proxecto	Axente	Tipo de Modificación	R.F.	Mod. Ingresos	Mod. Gastos	Texto Explicativo
G	0410 4531 60900 Plan VIP- Estradas provinciais			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		2.031.132,99	Suplemento aplicacion
G	0420 17223 22100 Enerxía eléctrica- Praia de Balarés			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		1.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 23112 22100 Enerxía eléctrica- F.I. Emilio Romay			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		6.200,00	Suplemento aplicacion
G	0420 23112 22102 Gas- F.I. Emilio Romay			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		25.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 23113 22100 Enerxía eléctrica- C.D.M. de Ferrol			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		15.100,00	Suplemento aplicacion
G	0420 24100 22100 PEL- Enerxía eléctrica			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		1.200,00	Suplemento aplicacion
G	0420 24100 22102 PEL- Gas			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		15.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 3242 22100 Enerxía eléctrica- IES Puga Ramón			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		7.800,00	Suplemento aplicacion
G	0420 3242 22102 Gas- IES Puga Ramón			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		21.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 3261 22100 Enerxía eléctrica- C. P. de Danza			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		7.400,00	Suplemento aplicacion
G	0420 3261 22102 Gas- C. P. de Danza			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		1.200,00	Suplemento aplicacion
Suma e sigue:							4.909.030,65	

Páx. 4

[illegible]

Páx. 5

G/I	Aplicación	Proxecto	Axente	Tipo de Modificación	R.F.	Mod. Ingresos	Mod. Gastos	Texto Explicativo
G	0420 93362 22100 Enerxía eléctrica- Pazo Provincial			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		53.900,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93363 22100 Enerxía eléctrica- Edif. Rego de Auga			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		32.300,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93364 22100 Enerxía eléctrica- Edif. Administrativo A.M.H.			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		19.600,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93365 212 Mantem. e conservación edificios- Centro Rosalía Mera			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		23.607,69	Suplemento aplicacion
G	0420 93365 22100 Enerxía eléctrica- Centro Rosalía Mera			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		43.200,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93365 22103 Combustible e carburantes- Centro Rosalía Mera			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		50.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93365 63200 Reposición edificios e ou. construcións- Centro Rosalía Mera			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		20.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93366 22100 Enerxía eléctrica- Pazo de Mariñan			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		18.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93367 22100 Enerxía eléctrica- Almacén Sabón			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		1.000,00	Suplemento aplicacion
G	0420 93368 22100 Enerxía eléctrica- Edif. A Milagrosa			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		11.300,00	Suplemento aplicacion
G	0430 4592 46201 C.E.L. Plan de Obras e Servizos (POS)- Gasto corrente			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	2		76.521,56	Suplemento aplicacion
Suma e sigue:							5.432.759,90	

G/I	Aplicación	Proxecto	Axente	Tipo de Modificación	R.F.	Mod. Ingresos	Mod. Gastos	Texto Explicativo
G	0510 3341 46201 Subv. a concellos- Promoción actividades culturais			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		39.999,70	Suplemento aplicacion
G	0510 4321 22699 Outros gastos diversos- Promoción turística			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	2		180.000,00	Suplemento aplicacion
G	0510 4321 22699 Outros gastos diversos- Promoción turística			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		125.000,00	Suplemento aplicacion
G	0510 4321 45101 Subv. a OOAA e Axencias das CCAA- Promoción turística			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		220.000,00	Suplemento aplicacion
G	0510 4321 481 Subv. a familias e instit. SFL- Promoción turística			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		99.600,00	Suplemento aplicacion
G	0520 92052 22799 Outros traballos- Desenvolvemento territorial e medio			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		150.000,00	Suplemento aplicacion
G	0611 23121 481 Subv. a familias e instit. SFL- Acción social			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		25.000,00	Suplemento aplicacion
G	0612 3269 42111 Subv.aou. organismos autónomos AXE- A.promoción educativa			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		45.000,00	Suplemento aplicacion
G	0612 3269 45390 Subv.entidades públicas e ou.CCAA- A.promoción educativa			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		90.000,00	Suplemento aplicacion
G	0612 3269 45390 Subv.entidades públicas e ou.CCAA- A.promoción educativa			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		108.000,00	Suplemento aplicacion
G	0612 3269 45390 Subv.entidades públicas e ou.CCAA- A.promoción educativa			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		42.000,00	Suplemento aplicacion
Suma e sigue:							6.557.359,60	

Pág. 7

Situación Expediente: **En Elaboración** Data Contabilización:

G/I	Aplicación	Proxecto	Axente	Tipo de Modificación	R.F.	Mod. Ingresos	Mod. Gastos	Texto Explicativo
G	0612 3343 22609 Actividades culturais e deport.- Música, teatro e cinemat.			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		11.290,51	Suplemento aplicacion
G	0612 3343 481 Subv. a familias e instit. SFL- Música, teatro e cinemat.			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		75.000,00	Suplemento aplicacion
G	0632 23111 22105 Produtos alimenticios- C.R.D. Rosalía Mera			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		40.000,00	Suplemento aplicacion
G	0710 92051 12001 Soldos grupo A2- Prom. económica, turismo e emprego			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		16.557,30	Suplemento aplicacion
G	0710 92051 12100 Compl. de destino- Prom. económica, turismo e emprego			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		8.460,00	Suplemento aplicacion
G	0710 92051 12101 Compl. específico- Prom. económica, turismo e emprego			020 + SUPLEMENTOS DE CREDITO	5		19.193,00	Suplemento aplicacion
G	0430 4592 76201 C.E.L. Plan de Obras e Servizos (POS)- Inwestimentos			080 + BAJAS POR ANULACION			-76.521,56	
G	0510 4321 481 Subv. a familias e instit. SFL- Promoción turística			080 + BAJAS POR ANULACION			-180.000,00	
I	87000 PARA GASTOS XERAIS			020 + AUMENTO DE LAS PREVISIONES INICIALES DE INGRESOS		6.471.338,85		
Suma Total						6.471.338,85	6.471.338,85	



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

ASUNTO: Orzamento xeral 2022. Expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 de aprobación polo Pleno.

De conformidade co disposto no artigo 42.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, en relación co artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) e no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria (LEO), aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, pola xefa do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos e polo interventor que subscriben emítese o seguinte:

INFORME PRECEPTIVO DO INTERVENTOR XERAL

PRIMEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE

1.1 DE CARÁCTER XERAL

Os artigos 35 e 36.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, dispoñen:

“Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito. (artigo 177.1 TRLRFL). Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do orzamento de gastos nos que concorrendo as mesmas circunstancias anteriores en relación co gasto a realizar, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación (artigo 177.1 TRLRFL).

Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún dos seguintes recursos:

- a) *Con cargo ao remanente líquido de tesourería calculado de acordo co establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/1990 e o artigo 177.4 do TRLRFL.*
- b) *Con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.*
- c) *Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo Servizo.”*

Segundo o artigo 36.2 do Real decreto 500/1990 poderán financiarse tamén cos recursos procedentes de operacións de crédito os que teñan como finalidade gastos de investimento realizados directamente ou a través doutras entidades públicas ou privadas.



PROCEDEMENTO

A) PROCEDEMENTO DO EXPEDIENTE:

Incoación do expediente que lle corresponde á Presidencia da Corporación (artigo 37.1 do RD 500/1990).

Aprobación inicial que lle corresponde ao Pleno despois do informe previo do interventor xeral e ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior (artigo 37.3 do RD 500/1990).

Información pública no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles (artigo 38.2 en relación co 20.1 do RD 500/1990 do 20 de abril).

Reclamacións. Durante o prazo de exposición, as persoas interesadas dispostas no artigo 22.1 do RD 500/1990 poderán interpor reclamacións, polos motivos establecidos no artigo 22.2 do mesmo texto legal.

Aprobación definitiva. O expediente considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, se non se producen reclamacións contra el. No suposto de que se formularan reclamacións, o Pleno da Corporación deberá resolvelas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á finalización da exposición ao público e as reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen no acto de aprobación definitiva. (artigo 20.1 do RD 500/1990 do 20 de abril).

Publicidade e entrada en vigor. Unha vez aprobado definitivamente o expediente publicarase, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez cumprido o dito requisito, (artigo 20.5 do citado RD 500/1990 do 20 de abril).

Remisión a outras administracións públicas. Do expediente tramitado remitírase unha copia á Comunidade Autónoma, á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda e á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, simultaneamente á remisión ao Boletín Oficial da Provincia (artigo 20.4 do RD 500/1990 e disposición final terceira da Orde HAP/2105/202, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Información Xeral. Unha copia do expediente e da súa documentación complementaria deberá estar a disposición do público, para efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata o fin do exercicio (artigo 20.6 do RD 500/1990).



B) PROCEDEMENTO XERAL DAS SUBVENCÍONS A CONCELLOS E A ENTIDADES:

No expediente que é obxecto de informe inclúense dotacións orzamentarias para a tramitación de subvencións nominativas a concellos da provincia e a entidades. A normativa de carácter xeral a tomar en consideración está constituída polas normas que seguidamente se indican:

- Constitución española.
- Tratado da Unión Europea.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cuxo regulamento de desenvolvemento aprobouse a través do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno (artigos 6, 26 e 28).
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- O Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- A Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, artigos 16 a 18.

Polas razóns que mais adiante se expresarán é necesario tomar en consideración as normas contidas nos artigos 9.3, 31.2, 103.1, 106.1 e 133.4 da Constitución Española, no artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 70.2 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo debe facerse referencia ao contido dos artigos 5 e 15 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.



FINANCIAMENTO

A Resolución da Presidencia núm. 4559, do 25 de xaneiro de 2022, aprobou a liquidación do orzamento provincial do exercicio 2021 e no seu apartado SEGUNDO estableceu:

"SEGUNDO: Con base nos datos obtidos sobre a cualificación de Remanentes de 2021, de conformidade co establecido na Base 39ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2021 e en aplicación ao principio de prudencia, aprobar a afectación do REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS ao financiamento dos gastos comprendidos nas situacións que a continuación se detallan e ás reservas que se expresan, polos importes que se indican:

:

A) REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	314.362.827,57 €
B) RESERVAS	252.648.089,60 €
1) Financiamento complementario para a incorporación de Remanentes de incorporación obrigatoria	1.212.297,94 €
2) Incorporación de Remanentes relativos a gastos comprometidos durante 2021	69.212.641,13 €
3) Remanentes de crédito producidos durante 2021 que quedando en fase "A" teñan carácter incorporable	67.834.036,21 €
4) Incorporación de Remanentes relativos a Gastos en fase "RC" de 2021 con carácter incorporable	37.908.572,01 €
5) Reserva de Remanente para financiamento de Compromisos de Gasto adquiridos en exercicios anteriores a 1-1-21, non incorporables e pendentes de execución	30.922.098,46 €
6) Reserva de Remanente para financiamento de autorizacións de gasto adquiridas no ano 2021 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de comprometer	20.323.346,73 €
7) Reserva de Remanente para financiamento de RC de gastos adquiridos no ano 2021 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de autorizar	19.670.112,13 €
8) Importe do superávit orzamentario por operacións non financeiras (art. 32 L.O. 2/2012)	5.564.984,99 €
C) Remanente de TESOURERÍA DISPOÑIBLE	<u>61.714.737,97 €</u>

O importe relativo ao Superávit orzamentario por operacións non financeiras, que se inclúe no apartado 8.- do cadro anterior, ascende a 5.564.984,99 €. Con carácter xeral o Superávit de operacións non financeiras debe ser xestionado de acordo co establecido no artigo 32 e na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na redacción dada a estes preceptos pola Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, nos termos que estableza unha lei e deberá terse en conta o establecido na Disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a este precepto pola Disposición final primeira do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, ("Investimento Financeiramente Sustentable").

Non obstante, hai que indicar que os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de límite de gasto non financeiro das administracións públicas para o exercicio 2022 foron suspendidos por Acordo do Consello de Ministros do 27 de xullo de 2021 e do Congreso dos Deputados do 13 de setembro de 2021. Por tal motivo o Ministerio de Facenda e Función Pública ten manifestado que non se esixirá o cumprimento do artigo 32 da Lei orgánica de Estabilidade orzamentaria en relación co superávit de 2021 e o seu destino en 2022.

A contía resultante do Remanente de Tesourería dispoñible (apartado C) poderá incrementarse nos importes que as unidades xestoras consideren que non son necesarios para atender os gastos contemplados nos puntos 3, 4, 6 e 7 anteriormente citados e na contía que se considere imprescindible do Superávit de operacións non financeiras (apartado B.8)"

Para poder utilizar o superávit como fonte de financiamento haberá que ter en conta o establecido na Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público que engadiu (artigo primeiro, apartado quince) unha nova disposición adicional sexta á Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, que é do seguinte teor:



- "1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións locais nas que concorran estas dúas circunstancias:
 - a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.
 - b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.
2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:
 - a) As Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.
 - b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior se mantivese con signo positivo e a Corporación local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.
 - c) Se cumprido o establecido nas letras a) e b) anteriores a Corporación local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. Para estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.
Para aplicar o establecido no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.
3. Excepcionalmente, as Corporacións locais que no exercicio 2013 cumpran co disposto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme as regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.
4. O importe do gasto realizado de acordo co establecido nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.
5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de orzamentos xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo."

Posteriormente a habilitación legal para a utilización do Superávit de Operacións Non Financeiras regúlase:

- No exercicio 2014, no Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro (BOE núm. 59 con data do 09/03/2014).
- No exercicio 2015, no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro (BOE núm. 315 con data do 30/12/2014).
- No exercicio 2016, na Lei 48/2015, do 29 de outubro (BOE núm. 260 con data do 30/10/2015).
- No exercicio 2017, na Lei 3/2017, do 27 de xuño (BOE núm. 153 con data do 27/06/2017).
- No exercicio 2018, no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE núm. 73 con data do 24/03/2018).
- No exercicio 2019, no Real decreto lei 7/2019, do 1 de marzo (BOE núm. 77 con data do 30/03/2019).
- No exercicio 2020:

➤ O Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, (BOE núm. 73 con data do 18/3/2020) de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, no seu artigo 3 establece:

"1. O superávit orzamentaria das entidades locais correspondente ao ano 2019 poderase destinar para o financiamento dos gastos de investimento incluídos na política de gasto 23, «Servizos sociais e promoción social», recollida no anexo I da orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais, previa aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta la Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, Tamén, dentro



de aquela política de gasto, consideraranse, con carácter excepcional xa os exclusivos efectos de este artigo, incluídas as prestación sinaladas no punto 2 do artigo 1 de este Real decreto lei.

Tamén será de aplicación o réxime de autorización recollido no último parágrafo do apartado 1 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2. No suposto das Deputacións provinciais, Consejos e Cabildos insulares poderán incluír gasto imputable igualmente no capítulo 6 e 7 do estado de gastos no seus orzamentos xerais destinadas a financiar os gastos citados no apartado anterior e se asignen a concellos que:

a) Cumpran co previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril,

b) Ou ben, non cumprindo o previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, aproben, no seu caso, un plan económico-financeiro de conformidade coa citada norma.

Para este propósito as Entidades locais, no seu conxunto, poderán destinar do seu superávit unha cantidade equivalente ao crédito establecido no artigo anterior, o que será obxecto de seguimento polo órgano competente do Ministerio de Facenda."

- A aplicación deste artigo ás Entidades locais desenvólvea o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID- 19, que no seu artigo 20.1 establece:

"1. Aos efectos da aplicación do derradeiro parágrafo do artigo 3 do Real Decreto- Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para face fronte ao impacto económico e social do COVID- 19, o importe que poderá destinar cada entidade local ao gasto ao que se refire o dito precepto será, como máximo, equivalente ao 20% do saldo positivo definido na letra c) do apartado 2 da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2020, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira."

- E tamén no Real decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, (BOE núm. 175 con data do 24/6/2020) polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, no seu artigo 6 establece:

"1. Cos efectos do apartado 4 da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, as entidades locais poderán destinar en 2020, como máximo, o 7 por cento do saldo positivo correspondente ao ano 2019 que resulte da aplicación das regras do apartado 2 daquela disposición adicional, para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental CERO, salvo no caso que se acredite que non existen vehículos CERO que cumpran coas necesidades mínimas de servizo, nese caso poderán substituírse por vehículos con etiquétaa ECO, e en infraestruturas de recarga para o uso dos vehículos adquiridos, que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios e de transporte de viaxeiros."

- No exercicio 2021, non se ditou unha norma legal que permitise a súa utilización como fonte de financiamento de novos gastos do exercicio. O Ministerio de Facenda pronúnciase sobre a cuestión en dous documentos:
 - Apartado 21 do texto titulado: "Preguntas frecuentes sobre as consecuencias da suspensión das regras fiscais en 2020 e 2021 en relación coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais", (páxs. 7 e 8).
 - Páxinas 3 e 16 da "Guía para a cumplimentación de datos do terceiro trimestre de 2021" (Data do 01/10/2021).
- No exercicio 2022, non se ditou unha norma legal que permitise a súa utilización como fonte de financiamento de novos gastos do exercicio. O Ministerio de Facenda pronúnciase sobre a cuestión na páxina 3 da "Guía para a cumplimentación de datos do 1º, 2º e 3º trimestre de 2022" (Data do 01/04/2022).



A definición de investimento financeiramente sustentable a efectos dos disposto na Lei orgánica 2/2012 recollese na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2014, do 5 de marzo, engadida polo Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, e cuxa redacción a día de hoxe e a derivada do Real decreto-lei 10/2019, do 29 marzo, polo que se prórroga para 2019 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se adoptan outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional e modifícase o ámbito obxectivo destes:

"Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, entenderase por investimento financeiramente sostible o que cumpra todo os requisitos seguintes:

1. Que o investimento o realicen, en todo caso, entidades locais que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A) Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais:

- 160. Rede de sumidoiros.*
- 161. Abastecemento domiciliario de auga potable.*
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.*
- 165. Iluminación pública.*
- 172. Protección e mellora do medio.*
- 412. Mellora de las estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.*
- 422. Industria.*
- 425. Enerxía.*
- 431. Comercio.*
- 432. Información e promoción turística.*
- 441. Transporte de viaxeiros.*
- 442. Infraestruturas do transporte.*
- 452. Recursos hidráulicos.*
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada.*
- 491. Sociedade da información.*
- 492. Xestión do coñecemento.*

B) O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

- 132. Seguridade e Orde Pública.*
- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.*
- 135. Protección civil.*
- 136. Servizo de prevención e extinción de incendios.*
- 152. Vivenda*
- 153. Vías públicas.*
- 171. Parques e xardíns.*
- 231. Asistencia social primaria.*
- 321. Creación de Centros docentes de ensino infantil e primario.*
- 323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primario e educación especial.*
- 332. Bibliotecas e Arquivos.*
- 333. Equipamentos culturais e museos.*
- 336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico.*
- 342. Instalacións deportivas.*
- 453. Estradas.*
- 454. Camiños veciñais.*



933. *Xestión do patrimonio, no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e de inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.*

Cando exista gasto de investimento nestes últimos grupos de programas, e se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos de programas citados neste apartado superior a 15 millóns de euros ou ao 40 % do gasto non financeiro total da entidade local respectiva e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. *Quedan excluídos tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como os que se refiran a mobiliario e aveños, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.*
3. *O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación local. De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación local, sempre que estas teñan carácter complementario e se deriven directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido. No caso das Deputacións provinciais, Consellos e Cabidos insulares poderán incluír gasto imputable tamén no capítulo 6 e 7 do estado de gastos dos seus orzamentos xerais destinadas a financiar investimentos que cumpran o disposto nesta disposición, e se asignen a municipios que:*
 - a) *Cumpran co establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril,*
 - b) *ou ben, non cumprindo o previsto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o investimento non comporte gastos de mantemento e así quede acreditado no seu Plan económico-financieiro convenientemente aprobado.*
4. *Que o investimento permita, durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación local. Con tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.*
5. *A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberao realizar a Corporación local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2015.*
6. *O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación local, ou a persoa da Corporación local en quen delegue, na que se contera a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores. Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.*
7. *Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación local ao que se refire o apartado anterior é desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación local.*
8. *O interventor da Corporación local informará ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición."*



1.2 NORMAS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

O Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro, que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais vixente no que non se opoña ou contradiga á Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, (modificada pola Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro), no artigo 16.2, establece o carácter preceptivo do informe da Intervención Local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e os seus organismos e as entidades dependentes con motivo da aprobación do orzamento xeral (incorporándoo ao informe previsto no artigo 168.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais) coa ocasión da aprobación dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito polo Pleno corporativo (referíndose ao informe establecido no artigo 177.2 do TRLRHL) e con motivo da liquidación do orzamento (incorporándose, neste caso, ao informe requirido no artigo 191.3 do TRLRHL).

Os artigos que se detallan na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (modificada pola Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro) establecen diferentes obxectivos que deben cumprir as entidades locais:

“Art. 11. Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria.

- 1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.*
- 2. Ningunha Administración pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. No entanto, en caso de reformas estruturais con efectos orzamentarios a longo prazo, de acordo coa normativa europea, poderá alcanzarse no conxunto de Administracións públicas un déficit estrutural do 0,4 por cento do Produto Interior Bruto nacional expresado en termos nominais, ou o establecido na normativa europea cando este fose inferior.*
- 3. Excepcionalmente, o Estado e as Comunidades Autónomas poderán incurrir en déficit estrutural en caso de catástrofes naturais, recesión económica grave ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control das Administracións Públicas e prexudiquen considerablemente a súa situación financeira ou a súa sustentabilidade económica ou social, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados. Esta desviación temporal non pode poñer en perigo a sustentabilidade fiscal a medio prazo. Para os efectos anteriores a recesión económica grave defínese de conformidade co disposto na normativa europea. En calquera caso, será necesario que se de unha taxa de crecemento real anual negativa do Produto Interior Bruto, segundo as contas anuais da contabilidade nacional. Nestes casos deberá aprobarse un plan de reequilibrio que permita a corrección do déficit estrutural tendo en conta a circunstancia excepcional que orixinou o incumprimento.”*

Art. 12. Regra de gasto.

- 1. A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. No entanto, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 desta lei.*

Art. 13. Instrumentación do principio de sustentabilidade financeira.

- 2.A Administración Pública que supere o seu límite de débeda pública non poderá realizar operacións de endebedamento neto.”*



O 6 de outubro de 2020 o Consello de Ministros adoptou entre outros o Acordo polo que se fixa o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o 2021. Nese acordo sinálase:

Suspensión de regras fiscais

Nun escenario de pandemia mundial, a Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020, que tamén se prorrogará en 2021. Esta medida permite aos Estados membros deixar en suspenso la senda de consolidación fiscal aprobada antes da crise.

Seguindo as directrices de las autoridades comunitarias, o Goberno de España aprobou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021. Trátase dunha medida que adoptaron outros países europeos e que tamén recibiu o beneplácito do FMI.

Como consecuencia desta decisión, o Consello de Ministros suspendeu a senda e os obxectivos de estabilidade aprobados polo Goberno en febreiro e que quedaron absolutamente desfasados polo impacto da crise.

A suspensión das regras fiscais, ademais de ir na mesma dirección que a adoptada pola UE, é una medida amparada pola Constitución Española e pola Lei de Estabilidade. En concreto, o artigo 135.4 da Carta Magna recolle esta suspensión no caso de "catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados".

Polo tanto, o Consello de Ministros solicitou ao Congreso que declare se España se encontra nun deses supostos recollidos na Constitución e que habilitan a suspensión das regras fiscais.

[...]"

O 20 de outubro de 2020 o Congreso dos Deputados apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais, requisito que establece o artigo 11.3 da LOEOfSF, e con carácter mais xeral o artigo 135.4 da Constitución.

Posteriormente o 2 de xuño de 2021, a Comisión Europea comunicou a decisión de seguir aplicando a cláusula de salvaguardia en 2022.

Mais recentemente, o 22 de setembro de 2021 o Congreso dos Deputados apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais, requisito que establece o artigo 11.3 da LOEOfSF, e con carácter mais xeral o artigo 135.4 da Constitución.

1.3 NORMAS CONTIDAS NA LEXISLACIÓN ESTATAL

Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022.



SEGUNDO.- ADECUACIÓN DO EXPEDIENTE Á LEXISLACIÓN CITADA.

2.1 ÁS NORMAS DE CARÁCTER XERAL

PROCEDEMENTO

A) PROCEDEMENTO DO EXPEDIENTE:

O expediente de modificación de crédito núm. 3/2022 de aprobación polo Pleno, tramítase ao amparo das disposicións do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que regulan a materia en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, sendo o seu importe total de 6.727.860,41 €.

B) PROCEDEMENTO XERAL DAS SUBVENCÍONS INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE:

Respecto do procedemento para a tramitación, no seu caso, das subvencións nominativas para as que se dota crédito neste expediente deben precisarse as seguintes consideracións:

Primeira.- Consideracións previas.

En relación coas propostas de dotacións orzamentarias para a tramitación futura de subvencións nominativas contidas no expediente obxecto de informe, é de significar que, unha vez que o expediente de modificación de créditos sexa firme e executivo, débense tramitar os correspondentes expedientes administrativos. En todo caso, nos expedientes que se tramiten acreditaranse as razóns singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación establecidos na normativa xeral de subvencións para este tipo de gastos, os motivos que impiden a súa inclusión en programas de subvencións en réxime de concorrência ou en plans provinciais.

Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo coas normas de aplicación, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados. **Na documentación que se achega ao expediente de modificación de créditos que se tramita, non se expresan os motivos de interese xeral que determinan as propostas obxecto de informe, as especiais circunstancias concorrentes, as excepcionais condicións de cualificación técnica, artística, cultural ou científica das entidades destinatarias que xustifiquen a excepción aos principios xerais expresados** e a imposibilidade ou non conveniencia obxectiva de incluír as propostas en procedementos públicos de concorrência competitiva. Faise, polo tanto, necesario incorporar a documentación suficiente que faga posible formar criterio sobre os aspectos esenciais que permitan valorar a súa adecuación ao ordenamento xurídico: Achega de memoria



xurídica, económica e técnica a que fai referencia o artigo 67.3 do Regulamento da lei xeral de subvencións (aprobado polo Real decreto 887/2006, do 2 de xullo), o artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación e a Base 54ª de execución do orzamento, acreditación de que as entidades beneficiarias estean ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa propia Deputación, definición xurídica, técnica e económica das actividades ou investimentos a realizar, o orzamento detallado, a porcentaxe de financiamento provincial e a axeitada clasificación orzamentaria. En consecuencia, a documentación preceptiva e a acreditación dos puntos relevantes establecidos na Lei xeral de subvencións e no seu Regulamento, na Lei de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 150 do 10/08/2021) e nas Bases de execución do orzamento provincial e a motivación das razóns excepcionais que xustifican o seu outorgamento sen concorrencia, débense incorporar aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requisito para a súa válida tramitación xunto coa acreditación de que non se están acometendo actividades propias e reservadas á competencia doutras administracións públicas sen levar a cabo os trámites previstos no artigo 7 da LRBRL. Tamén resulta necesario motivar o coeficiente de financiamento previsto, en todo caso e, especialmente, naqueles casos nos que se supera o 80% do orzamento da actividade ou investimento subvencionados e, expresar os criterios obxectivos nos que se basea a cuantificación da achega provincial. Esta motivación é requirida polas normas citadas e polas propias Bases de Execución do orzamento provincial (base 54).

Aprovéitase a ocasión para reiterar o manifestado en informes anteriores no senso de que aínda que o artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións, o artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia e os artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións contemplan a posibilidade de outorgar subvencións nominativas de concesión directa, debe lembrarse que os principios xerais para a súa concesión son os de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e só razóns extraordinarias de interese público, que deben acreditarse expresamente, poden xustificar a súa excepción. **Na documentación achegada para a elaboración deste expediente non se acreditan fehacientemente, a xuízo dos informantes, as causas que xustifican as subvencións nominativas para as que se inclúe dotación orzamentaria e non se motiva a contía e o coeficiente de financiamento que se prevé outorgar;** tampouco se acredita a imposibilidade ou a non conveniencia de participar nos programas xerais de convocatoria pública, a posibilidade dos concellos e entidades subvencionadas de participar noutros programas de subvencións ou plans provinciais de convocatoria pública e aqueles outros elementos relevantes para valorar a súa adecuada definición xurídica, económica ou orzamentaria.

Entre as dotacións destinadas ás subvencións nominativas existen destinatarios diferentes:

- A)** Concellos, consorcios e outras formas asociativas e organizativas das entidades locais. Neste apartado debe reiterarse que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a dos plans provinciais aos que se refire o artigo 36 da Lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 110 da Lei de administración local de Galicia, que requiren o establecemento de criterios obxectivos e



xerais da asignación dos recursos públicos provinciais, baseados nos datos e na información dispoñíbel na enquisa de infraestruturas e equipamentos locais. Polo tanto, no expediente administrativo a través do cal se tramite o oportuno convenio interadministrativo deberanse acreditar as razóns excepcionais de interese público que impiden ou fan que non sexa conveniente a actuación a través dos Plans provinciais ou mediante os programas xerais de subvencións dirixidos á totalidade dos concellos da provincia e que non permiten, en definitiva, a aplicación dos principios de concorrência, igualdade e non discriminación. Debe manifestarse que na documentación subministrada para o presente expediente non se xustificou a concorrência de circunstancias excepcionais nas obras ou actividades obxecto de achega provincial, antes ben, constátase que a súa natureza é a propia das contempladas nos Plans provinciais aprobados ou das recollidas nas convocatorias xerais de subvencións previstas para o actual exercicio. Tampouco se xustifica a contía da achega provincial prevista e o coeficiente de financiamento. Puntos todos eles que deberán acreditarse nos expedientes que se tramiten pois a ausencia da xustificación da excepcionalidade da achega provincial e dos criterios obxectivos aplicados para a súa cuantificación son requisitos esenciais para a válida adopción dos acordos correspondentes. Noutro caso, estaríamos en presenza da omisión dos requisitos ou trámites esenciais nos termos establecidos no artigo 216.2.c) do TRLRFL, que darían lugar ao informe con reparos suspensivos regulado nos artigos 215 a 217 da dita norma e nos artigos 12 a 15 do Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Neste sentido é necesario citar distintos apartados do **informe do Consello de Contas denominado "Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia dos gasto. Deputación da Coruña. Lexislaturas 2003-2019"**:

Últimos parágrafos da páx. 18:

"13. No relativo á xustificación das razóns para a celebración dos convenios, nos convenios obxecto da mostra a motivación da excepcionalidade límitase a incorpora na resolución de aprobación o contido xenérico de que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade realizada, polo que non se pode considerar como xustificada.

14. O obxecto dos convenios revisados é cooperar na prestación dun servizo municipal e conseguintemente, deberon ser incluídos no POS."

Primeiro parágrafo da páx. 65:

"Como conclusión, cabe salientar que os convenios administrativos non poden ser un instrumento que permita eludir a inclusión dunha obra ou servizo no POS. A celebración de convenios cuxo obxecto puido financiarse no marco do POS ou doutros plans especiais que garanten a publicidade e concorrência competitiva, implica unha alteración no reparto efectivo dos fondos provinciais destinados a cooperación na prestación dos servizos municipais e a formalización dos mesmos no só vulnera os principios de concorrência, igualdade e non discriminación, senón que tamén vulnera o fin propio e específico da entidade de garantir o principio de solidariedade e equilibrio intermunicipal."

- B)** Entidades públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro. Polo que se refire ás achegas provinciais a outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro tomaranse en consideración os citados principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación recollidos na Lei xeral de subvencións, no seu Regulamento de desenvolvemento e nas Bases de execución do orzamento



provincial. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo coas normas de aplicación pode excepcionarse a xeral aplicación de tales principios. **Tal motivación debe incorporarse aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial** como requirimento para a súa válida adopción así como a determinación dos criterios de cuantificación de subvencións outorgadas e do coeficiente de financiamento proposto, pois tamén neste caso, se non se acreditan estes puntos estaríamos en presenza da omisión dos requisitos ou trámites esenciais nos termos establecidos no artigo 216.2.c) do TRLRFL, como xa se indicou anteriormente.

En todo caso parece necesaria a coordinación con outras administracións públicas, de acordo co disposto reiteradamente no ordenamento xurídico vixente e particularmente no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, nos artigos 1 a 15 do seu regulamento e no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Lei galega de subvencións regula a concesión directa delas no seu artigo 26, que é do seguinte teor literal:

*"1. A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.
Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.
2. As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes puntos.
a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
b) Réxime xurídico aplicable.
c) Beneficiarios e modalidades de axuda.
d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.
3. A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia."*

Polo exposto, debe insistirse en que resulta imprescindible a tramitación administrativa posterior dos convenios ou acordos nos que se incorpore a motivación e a documentación necesaria, e se concreten os puntos esenciais das subvencións nominativas establecidas na base citada, é dicir:

- Memoria xurídica, económica e técnica na que se expresan as circunstancias singulares e excepcionais de interese público que impiden ou non fagan aconsellable a inclusión das actividades ou investimentos previstos nas convocatorias públicas de Plans ou programas de subvencións de concorrência xeral.
- Definición precisa do obxecto, de forma que sexa posíbel a súa adecuada comprobación a engadir, se é o caso, o proxecto técnico correspondente co contido e trámites que establecen os artigos 123 e 125 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público e as súas normas de desenvolvemento regulamentario.
- Orzamento pormenorizado da actividade ou investimento que se ha realizar.



- Réxime xurídico aplicábel en materia de xustificación documental, pagamentos, economías de execución, etc.
- Motivación do excepcional interese público que impida ou non faga aconsellable a publicidade e a concorrência.
- Criterios obxectivos de cuantificación do importe da achega provincial e, se é o caso, motivación excepcional se alcanza o 100 por 100 do custo da actividade.
- Prazo e forma de acreditar o cumprimento da finalidade pretendida.
- Compromisos recíprocos, e os restantes puntos enumerados no último parágrafo da base 54 de execución do orzamento provincial para o exercicio 2022.
- Obrigacións formais, materiais e de publicidade ou adscrición a fins públicos dos bens ou dos equipamentos.
- Réxime de infraccións, sancións e control financeiro e demais contidos recollidos no convenio-tipo elaborado para este fin.

Neste apartado faise necesario engadir varias consideracións adicionais:

1. Algúns dos posibles beneficiarios das subvencións nominativas, para as que se dotan créditos orzamentarios neste expediente, foron beneficiarios de subvencións nominativas en exercicios anteriores, tal e como se pon de manifesto no informe de Intervención relativo aos recursos provinciais asignados a través de subvencións no período comprendido entre o 01/01/2012 e o 31/12/2021 que se incorpora como anexo a este informe.
2. É necesario recordar que a actividade de fomento das entidades locais tamén está condicionada pola determinación da competencia que a estas lles atribúen as normas estatais e autonómicas. En consecuencia, deben tomarse en consideración os aspectos de procedemento e as limitacións económicas e financeiras establecidas, para a implantación de novos servizos municipais no artigo 7.4 da Lei reguladora das bases de réxime local e nos artigos 3 e seguintes da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
3. O importe total da subvencións nominativas propostas para outorgar a concellos da provincia no presente expediente de modificación de créditos ascende a 1.306.857,36 € que xunto coas outorgadas no EMC 6/2021 (1.054.645,65), no EMC 7/2021 (2.967.954,76) e no EMC 2/2022 (2.565.651,69) fan un total de 7.895.109,46 €, con arranxo a distribución que se indica no cadro seguinte. No dito cadro compárase o importe que se propón outorgar ao concello beneficiario e o que lle correspondería se a asignación total se realizara cos criterios do Plan de Obras e Servizos POS+ 2022:



Concello	Reparto segundo criterios POS+	Nominativas EMC 6/2021	Nominativas EMC 7/2021	Nominativas EMC 2/2022	Nominativas EMC 3/2022	Diferenza
Abegondo	85.936,44				70.000,00	-15.936,44
Ames	177.906,56			200.000,00		22.093,44
Aranga	68.891,36	70.000,00				1.108,64
Ares	46.778,71					-46.778,71
Arteixo	191.557,77					-191.557,77
Arzúa	118.242,71			133.946,94		15.704,23
Baña (A)	77.447,51		200.000,00			122.552,49
Bergondo	62.690,24					-62.690,24
Betanzos	79.057,17			175.958,37		96.901,20
Boimorto	65.081,76		71.998,87			6.917,11
Boiro	125.287,87					-125.287,87
Boqueixón	71.263,24			127.910,10		56.646,86
Brión	79.856,65				150.000,00	70.143,35
Cabana de Bergantiños	75.594,43	70.000,00				-5.594,43
Cabanas	45.076,80	180.000,00				134.923,20
Camariñas	55.728,81			102.676,82		46.948,01
Cambre	136.766,65					-136.766,65
Capela (A)	40.178,41					-40.178,41
Carballo	221.321,56		441.254,72			219.933,16
Carnota	58.508,88		200.000,00			141.491,12
Carral	64.022,39		146.432,26		39.999,70	122.409,57
Cedeira	76.986,23		151.834,58			74.848,35
Cee	69.615,26	88.616,70				19.001,44
Cerceda	82.395,34					-82.395,34
Cerdido	37.662,60					-37.662,60
Coirós	39.187,67			56.000,00		16.812,33
Corcubión	22.838,86		96.800,00			73.961,14



Concello	Reparto segundo criterios POS+	Nominativas EMC 6/2021	Nominativas EMC 7/2021	Nominativas EMC 2/2022	Nominativas EMC 3/2022	Diferenza
Coristanco	103.556,90					-103.556,90
Coruña (A)	33.060,47					-33.060,47
Culleredo	166.713,33					-166.713,33
Curtis	74.258,27					-74.258,27
Dodro	37.128,08					-37.128,08
Dumbría	77.543,75				120.000,00	42.456,25
Fene	82.212,02			248.000,00		165.787,98
Ferrol	64.276,10					-64.276,10
Fisterra	44.753,95	152.244,89				107.490,94
Frades	63.610,36	74.880,00				11.269,64
Irixoa	48.978,12	70.000,00				21.021,88
Laxe	44.441,40					-44.441,40
Laracha (A)	115.866,66			79.969,00		-35.897,66
Lousame	65.099,70					-65.099,70
Malpica de Bergantiños	64.235,20					-64.235,20
Mañón	53.273,67					-53.273,67
Mazaricos	109.406,76		100.000,00			-9.406,76
Melide	110.204,62				240.000,00	129.795,38
Mesía	73.168,93	162.104,08				88.935,15
Miño	60.264,04		200.377,84			140.113,80
Moeche	40.107,12			244.691,00		204.583,88
Monfero	88.549,18					-88.549,18
Mugardos	46.569,55				76.800,00	30.230,45
Muxía	90.009,27			160.000,00		69.990,73
Muros	79.427,89				48.402,96	-31.024,93
Narón	196.165,25					-196.165,25
Neda	45.029,86				144.000,00	98.970,14
Negreira	99.883,99				144.000,00	44.116,01



Concello	Reparto segundo criterios POS+	Nominativas EMC 6/2021	Nominativas EMC 7/2021	Nominativas EMC 2/2022	Nominativas EMC 3/2022	Diferenza
Noia	86.461,08		67.621,64			-18.839,44
Oleiros	180.603,43		300.000,00			119.396,57
Ordes	132.125,40			80.000,00		-52.125,40
Oroso	81.718,58		120.000,00			38.281,42
Ortigueira	136.276,25					-136.276,25
Outes	82.695,51					-82.695,51
Paderne	45.964,59					-45.964,59
Padrón	69.534,62			75.000,00		5.465,38
Pino (O)	93.903,02		66.811,36			-27.091,66
Pobra do Caramiñal (A)	64.949,75			300.000,00		235.050,25
Ponteceso	83.907,02					-83.907,02
Pontedeume	62.509,25			200.000,00		137.490,75
Pontes de García Rodríguez (As)	164.398,46					-164.398,46
Porto do Son	92.728,04			70.000,00		-22.728,04
Rianxo	82.269,94					-82.269,94
Ribeira	150.866,36					-150.866,36
Rois	77.308,65					-77.308,65
Sada	94.000,20		140.000,00			45.999,80
San Sadurniño	66.509,48		239.880,55			173.371,07
Santa Comba	142.662,25					-142.662,25
Santiago de Compostela	141.033,67					-141.033,67
Santiso	63.302,40		113.540,50			50.238,10
Sobrado	74.427,36				191.995,29	117.567,93
Somozas (As)	54.528,85					-54.528,85
Teo	127.778,23					-127.778,23
Toques	56.007,08	110.000,00				53.992,92
Tordoia	79.786,96				81.659,41	1.872,45
Touro	89.359,07					-89.359,07



Concello	Reparto segundo criterios POS+	Nominativas EMC 6/2021	Nominativas EMC 7/2021	Nominativas EMC 2/2022	Nominativas EMC 3/2022	Diferenza
Trazo	71.620,75			75.224,75		3.604,00
Valdoviño	77.425,70					-77.425,70
Val do Dubra	78.513,93		73.920,00			-4.593,93
Vedra	65.109,68					-65.109,68
Vilasantar	46.105,09			76.800,00		30.694,91
Vilarmajor	33.673,94		45.923,94			12.250,00
Vimianzo	122.147,15			159.474,71		37.327,56
Zas	96.523,12					-96.523,12
Cariño	49.137,58		191.558,50			142.420,92
Oza-Cesuras	123.560,70	76.799,98				-46.760,72
TOTAL	7.895.109,46	1.054.645,65	2.967.954,76	2.565.651,69	1.306.857,36	



4. O importe total que se asigna ás subvencións que se pretenden outorgar como nominativas a favor de entidades ascende a 499.600,00 € con arranxo ao seguinte detalle:

APLICACIÓN	TERCEIRO	CONCEPTO	ORZAMENTO	IMPORTE	COEF.
0510/3343/481	ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA	Promoción do ano Xubilar Mariano de Cee	121.211,15	40.000,00	33,00%
0510/4321/481	ASOCIACION CLUSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA	IV ENCONTROS DE TURISMO DE GALICIA E 2 WORKSHOPS	124.500,00	99.600,00	80,00%
0612/3269/42111	UIMP	Cursos na sede da Coruña do ano 2022	60.500,00	45.000,00	74,38%
0612/3269/45390	UDC	Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2022	112.500,00	90.000,00	80,00%
0612/3269/45390	USC	Programación para fomento da educación, investigación transferencia do coñecemento e actividades culturais ano 2022	135.000,00	108.000,00	80,00%
0612/3269/45390	USAL	Programación para fomento da investigación, a transferencia do coñecemento e actividades culturais e científicas no ano 2022	52.500,00	42.000,00	80,00%
0612/3343/481	ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA	Programación Lírica da Coruña 2022	103.846,00	75.000,00	72,22 %
TOTAL				499.600,00	

En relación coas dotacións para subvencións propostas para as Universidades debe insistirse na conveniencia de establecer un programa específico destinado ás universidades que realizan a súa labor na provincia con criterios obxectivos que determinen o financiamento provincial.

Nas dotacións propostas para entidades privadas sen ánimo de lucro inclúese o informe do Xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego que xustifica o interese público no caso da subvención á Asociación Cluster Empresarial. No resto dos casos non consta informe da xefatura do servizo ao respecto.



Segunda.- A posible vulneración dos principios constitucionais de igualdade e de eficiencia e economía na asignación dos fondos públicos. A falta de motivación suficiente da excepcionalidade para non seguir o procedemento ordinario de concorrencia competitiva no outorgamento de subvencións.

O principio de igualdade perante a lei e a súa aplicación foi obxecto de abondosas sentenzas do noso Tribunal Constitucional que, en síntese, vén establecer que ante supostos iguais deben aplicarse consecuencias iguais e que as diferenzas de trato necesitan sempre dunha xustificación consistente en apreciar excepcións ou singularidades de feito.

O artigo 9.3 da Constitución "garantiza o principio de legalidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos". Esta previsión compléméntase co artigo 103.1 ao afirmar que "*La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho*", co artigo 106.1 ("*Los Tribunales controlan la potestad reglamentaria y la legalidad de la actuación administrativa, así como el sometimiento de ésta a los fines que la justifican*") e co 133.4 ("*Las administraciones públicas sólo podrán contraer obligaciones financieras y realizar gastos de acuerdo con las leyes*").

Na lexislación de desenvolvemento é necesario mencionar as normas que se indican a continuación:

- O artigo 35.1.i) e 35.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común que son do seguinte teor literal:
 - ❖ **35.1:** *1. Serán motivados, con sucinta referencia de hechos y fundamentos de derecho:*
 - i) *Los actos que se dicten en el ejercicio de potestades discrecionales, así como los que deban serlo en virtud de disposición legal o reglamentaria expresa.*
 - ❖ **35.2:** *2. La motivación de los actos que pongan fin a los procedimientos selectivos y de concurrencia competitiva se realizará de conformidad con lo que dispongan las normas que regulen sus convocatorias, debiendo, en todo caso, quedar acreditados en el procedimiento los fundamentos de la resolución que se adopte.*
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno contén distintas normas directamente aplicables á materia das que agora é necesario destacar as contidas no artigo 6 (información institucional, organizativa e de planificación), no artigo 26 (principios de bo goberno) e no artigo 28 (infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria).
- O artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece:
 - " 1. *El procedimiento ordinario de concesión de subvenciones se tramitará en régimen de concurrencia competitiva. A efectos de esta ley, tendrá la consideración de concurrencia competitiva el procedimiento mediante el cual la concesión de las subvenciones se realiza mediante la comparación de las solicitudes presentadas, a fin de establecer una prelación entre las mismas de acuerdo con los criterios de valoración previamente fijados en las bases reguladoras y en la convocatoria, y adjudicar, con el límite fijado en la convocatoria dentro del crédito disponible, aquellas que hayan obtenido mayor valoración en aplicación de los citados criterios. En este supuesto, y sin perjuicio de las especialidades que pudieran derivarse de la capacidad de autoorganización de las Administraciones públicas, la propuesta de concesión se formulará al órgano concedente por un órgano colegiado a través del órgano instructor. La composición del órgano colegiado será la que establezcan las correspondientes bases reguladoras.*



Excepcionalmente, siempre que así se prevea en las bases reguladoras, el órgano competente procederá al prorrateo, entre los beneficiarios de la subvención, del importe global máximo destinado a las subvenciones.

2. Podrán concederse de forma directa las siguientes subvenciones:

a) Las previstas nominativamente en los Presupuestos Generales del Estado, de las Comunidades Autónomas o de las Entidades Locales, en los términos recogidos en los convenios y en la normativa reguladora de estas subvenciones.

A efectos de lo establecido en el párrafo anterior, se entiende por subvención prevista nominativamente en los Presupuestos Generales del Estado aquella en que al menos su dotación presupuestaria y beneficiario aparezcan determinados en los estados de gasto del Presupuesto. El objeto de estas subvenciones deberá quedar determinado expresamente en el correspondiente convenio de colaboración o resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente con la clasificación funcional y económica del correspondiente crédito presupuestario.

b) Aquellas cuyo otorgamiento o cuantía venga impuesto a la Administración por una norma de rango legal, que seguirán el procedimiento de concesión que les resulte de aplicación de acuerdo con su propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquellas otras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública.

3. No podrán otorgarse subvenciones por cuantía superior a la que se determine en la convocatoria."

Por outra banda, o artigo 31.2 da nosa Carta Magna esixe que unha asignación equitativa dos fondos públicos, aplicando na súa execución os criterios de eficiencia e economía, o que esixe sempre valorar se o resultado que se pretende acadar non se pode conseguir a un custo menor.

Xa dentro do marco do réxime xurídico das subvencións, o artigo 22.1 da LXS establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, con publicidade da convocatoria e comparación das solicitudes recibidas.

Pois ben, da análise da documentación incorporada ao presente expediente, esta Intervención non atopa motivación para o outorgamento das subvencións nominativas para as que se dota crédito xa que non se xustifica a súa exclusión de tramitación a través dos programas de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ou dos Plans Provincias, polo que se converten as pretendidas subvencións nun privilexio carente de fundamento xurídico.

Terceira.- Consideracións sobre os importes medios das subvencións outorgadas en concorrencia competitiva e en subvencións nominativas a entidades privadas.

Actualmente a Deputación ten aprobadas ou pendentes da aprobar diversas convocatorias de subvencións en concorrencia competitiva nalgunha das cales as entidades contempladas no presente expediente podería participar en igualdade de condicións que o resto de entidades solicitantes.



Co presente outorgamento, ademais de eludir a concorrência sen motivación suficiente, tamén están a incrementarse substancialmente os importes concedidos, tal e como se desprende dos datos contidos no informe desta Intervención con data do 08/02/2022, relativo á acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021, no que se puxo de manifesto, entre outros, os importes das subvencións medias outorgadas ás entidades da provincia, segundo o seguinte detalle:

Beneficiarios	Tipo de concesión	Importe subvención media 2021	Importe subvención media 2012-2021
Entidades privadas	Concurrencia competitiva	8.762,83	5.479,44
	Nominativas	46.659,06	39.662,80

Cuarta.- Racionalización da colaboración da Deputación cos Concellos a través do POS+

Coa aprobación das bases do POS+ 2022 e POS+Adicional 1/2022 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, mediante acordo plenario do 26/11/2021, pretendeuse racionalizar e obxectivar a colaboración desta Deputación cos concellos da provincia no sentido de suprimir distintas liñas de subvencións, incrementando os créditos asignados nestas no POS+ 2022, e realizando unha distribución dos fondos entre os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se viñan empregando no POS.

Estes mesmos criterios seguíronse no reparto do POS+Adicional 2/2022 cuxo crédito se habilitou no anterior EMC 2/2022 (42.000.000,00 €).

Esta racionalización xa foi levada a cabo tamén en exercicios anteriores, polo que, nestes anos, os concellos poden financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos incluídos nas liñas de subvención suprimidas, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

As liñas de subvencións en réxime de concorrência competitiva suprimidas foron as seguintes :

- FO201 Cultura actividades
- FO202 Cultura investimentos
- FO101 Deportes actividades
- FO102 Deportes investimentos
- FOAYAA Promoción económica actividades
- FOAYIA Promoción económica investimentos



- DP007 Turismo actividades
- DP006 Turismo investimentos
- FOAXCA Desenvolvemento Servizos Sociais
- FOI00B Políticas de igualdade
- FO036A Envelhecimento activo

O outorgamento das subvencións para as que se dota crédito no presente expediente de modificación de créditos entra en contradición cos propios acordos do Pleno, en concreto, co referido das bases do POS+2022, polo que esta Intervención entende que as achegas aos concellos deberían canalizarse na súa integridade a través do POS+, ao obxecto de garantir a igualdade de trato entre todos eles e o reparto dos fondos dispoñibles con criterios obxectivos.

Neste sentido cabe sinalar que no informe desta Intervención do 08/02/2022, relativo aos recursos provinciais asignados a concellos e a entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 01/01/2012 e o 31/12/2021, que se incorpora como anexo a este informe, puxéronse de manifesto consideracións críticas sobre as subvencións nominativas outorgadas tanto a concellos como a entidades privadas sen ánimo de lucro. Do dito informe deuse coñecemento ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 25 de febreiro pasado.

Quinta.- Sobre o importe e o coeficiente de financiamento das subvencións nominativas previstas neste expediente.

Unha vez postos de manifesto os incumprimentos da legalidade vixente, para o caso de que non se corrixan as circunstancias postas de manifesto na tramitación das propostas de habilitación de crédito, e cheguen a outorgar as subvencións nominativas previstas neste expediente de modificación de créditos, cómpre manifestar de antemán a reflexión crítica relativa a falta de motivación dos obxectos financiados (que poden ser incluídos no Plan de Obras e Servizos ou nas distintas convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia) e do importe da achega provincial e consecuentemente do coeficiente de financiamento.

As circunstancias expostas, se non son obxecto da adecuada motivación poden supor unha actuación carente de fundamento xurídico e, polo tanto, arbitraria, e en consecuencia, de non documentarse correctamente na tramitación futura dos expedientes de concesión poderíase estar nos supostos descritos no artigo 28 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.



Sexta.- Consideracións críticas sobre as propostas de subvencións nominativas a concellos da provincia para financiar principalmente investimentos municipais.

No Expediente de Modificación de Créditos que é obxecto do presente informe inclúese a proposta de habilitar crédito para destinalo a posible concesión de subvencións nominativas a Concellos para financiar investimentos municipais por un importe total de 1.266.857,66. €, con arranxo ao seguinte detalle:

CONCELLO	CONCEPTO	ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	COEF.
ABEGONDO	Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos).	100.533,14	70.000,00	69,63%
BRIÓN	Ampliación do pavillón municipal de deportes, Pedrouzos	485.404,29	150.000,00	30,90%
CARRAL	XVIII Festa do Pan de Carral	49.999,62	39.999,70	80,00%
DUMBRÍA	Arranxo camiños municipais.	205.972,31	120.000,00	58,26%
MELIDE	Reforma e ampliación da piscina municipal de Melide	841.382,65	240.000,00	28,52%
MUGARDOS	Reurbanización da avenida Bello Piñeiro	96.000,00	76.800,00	80,00%
MUROS	Mellora da área de lecer infantil da avda. Castelao.	60.503,70	48.402,96	80,00%
NEDA	Renovación da rede de abastecemento e saneamento na rúa Xerardo Luaces	180.000,00	144.000,00	80,00%
NEGREIRA	Saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro	227.516,70	144.000,00	63,29%
SOBRADO	Mellora de capa de rodadura de camiños e pistas de Sobrado	239.994,12	191.995,29	80,00%
TORDOIA	Mellora da capa de rodaxe en diversos treitos en Piñeiro (Vila do Abade)	102.074,26	81.659,41	80,00%
TOTAL			1.306.857,36	

Dita proposta require formular as consideracións críticas que seguidamente se expoñen:



PRIMEIRA: A forma normal de cooperar cos Concellos da Provincia para o financiamento principalmente de investimentos municipais é a través dun Plan Provincial de Obras e Servizos (que no caso da Deputación da Coruña é único, por decisión expresa do Pleno Corporativo) baseado en criterios obxectivos, que teña en conta a Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local, o análise dos custos efectivos dos servizos e a capacidade económica dos concellos, nos que estes participen na súa elaboración, aprobación e execución.

Esta forma de proceder é consecuencia da aplicación dos principios constitucionais rexidos nos artigos 9.3 (legalidade, publicidade, obxectividade, interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos), 31.2 (asignación equitativa dos recursos públicos), 106 (actuación das Administracións Públicas con arranxo aos principios de obxectividade, publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación), está implícita no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local e é expresamente recollida no artigo 36.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 32 e 33 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986 e nos artigos 110 a 112 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

A proposta comentada incumpre as normas expresadas sen una motivación suficiente, dende a perspectiva da Deputación Provincial, que o xustifique. Todas os investimentos municipais que se propoñen financiar a través de subvenciones nominativas poden ser incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022 cuxas Bases foron aprobadas no Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26/11/2021, ou a través das dotacións adicionais ao propio POS+ 2022 que se poden financiar cos recursos orzamentarios dispoñibles. O Remanente de Tesourería do exercicio 2021 dispoñible para o financiamento de novos gastos permitiría a dotación dun novo POS+ adicional que daría cobertura ás subvencións nominativas agora propostas.

De feito, todas estas nominativas de concellos poderían incluírse no POS+Adicional 2/2022 (42.000.000,00 € habilitados no anterior EMC 2/2022)

No expediente tramitado constan os informes do Xefe do servizo de Patrimonio e Contratación nos que conclúe:

"A obra que preténdese financiar ten encaixe no POS+ polo que podería ser incluída no mesmo ou incluírse nos adicionais correspondentes."

SEGUNDA: O procedemento ordinario para a concesión de subvencións é a través de Bases de Convocatoria que se tramiten con arranxo aos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación (artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións). Como se ven indicando reiteradamente nos informes da Intervención Provincial, só por razóns singulares e excepcionais, motivadas e acreditadas documentalmente, cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación, nos artigos 16 e 17 da Ordenanza provincial de subvencións e transferencias e nas Bases de Execución do Orzamento provincial pódese xustificar a excepción á xeral aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Estas razóns singulares e excepcionais non están acreditadas, en opinión de esta Intervención, nas propostas que se comentan polas seguintes razóns, entre outras que se expoñerán noutros apartados:



- 1.- O obxecto das subvencións nominativas propostas pode ser financiado a través do Plan Único de Obras e Servizos do presente exercicio (POS+ 2022) en condicións de igualdade cos restantes Concellos da Provincia e sen demora algunha na súa tramitación.
- 2.- Ademais, o obxecto proposto en cada caso refírese a investimentos de competencia municipal comúns a todos os concellos e na documentación achegada non se acredita a excepcionalidade, dende a perspectiva da Deputación Provincial, que concorre para o seu financiamento singular a marxe do procedemento xeral establecido para o Plan Provincial de Obras POS+ 2022. As condicións postas de manifesto polos concellos solicitantes deben ser analizadas e avaliadas dende a perspectiva provincial por canto os argumentos utilizados polos concellos solicitantes poden concorrer noutros concellos da provincia.
- 3.- Non se acreditan os criterios obxectivos tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial nin o coeficiente de financiamento resultante. As subvencións provinciais propostas van dende 39.999,70 €, a de menor importe, a 240.000,00 €, a de maior importe individual.

En ningún caso se acreditan as razóns obxectivas para cuantificar a achega provincial, nin as utilizadas para seleccionar as obras financiadas, adquirindo a actuación provincial un carácter arbitrario carente de fundamento baseado en criterios obxectivos: capacidade económica dos concellos destinatarios, poboación, superficie, esforzo fiscal.

TERCEIRA: A proposta de tramitación de subvencións nominativas a concellos para o financiamento principalmente de investimentos en infraestruturas da súa titularidade que agora se comenta contradí tamén actuacións, acordos e normas da propia Deputación Provincial:

- As Bases do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia provincial expresan a vontade de que este sexa o Plan Único dirixido aos Concellos da Provincia. Por todas as Bases tramitadas ata a data basta citar as aprobadas para o presente exercicio na Sesión Plenaria que tivo lugar o 26 de novembro de 2021.
- Os artigos 16 e 17 da Ordenanza provincial de subvencións e transferencias regulan o procedemento de concesión directa nos seguintes termos:

Artigo 16 A solicitude de persoa interesada:

"1. Cando unha persoa interesada considere que unha actividade ou proxecto deba ser obxecto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando unha memoria detallada con datos técnicos, xurídicos, orzamentarios e temporais, na que se xustifique:

a. As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuír economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.

b. O orzamento da actividade ou proxecto.

2. Ademais, deberá de achegarse a documentación seguinte:



a. Documentación económico financeira que poña de manifesto a falta de financiación propia: contas anuais do último exercicio económico, liquidación do imposto de Sociedades, salvo en caso de estar exentas da súa presentación, consonte o artigo 124 da Lei do Imposto de Sociedades, o balance de comprobación de sumas e saldos emitido á data da solicitude. No caso de entidades públicas, deberá aportar un estado de execución do orzamento, emitido á data da solicitude.

b. Certificado do acordo da assemblea de socios, padroado ou claustro, e, no caso de que o solicitante sexa un concello ou entidade local, certificado do acordo do Pleno da Corporación, no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial. Neste acordo deberá facerse constar o importe da subvención solicitada e do coeficiente de financiación proposto."

Artigo 17 A instrución do expediente e o acordo de concesión:

"1. Recibida a solicitude e documentación complementaria, o servizo competente por razón da materia emitirá un informe no que se pronuncie sobre o cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior e, se é o caso, a proposta de acordo correspondente, na que se indicará a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto.

2. Logo do informe do servizo competente, emitirá un informe xurídico a Secretaría Xeral, procedéndose seguidamente ao sometemento do expediente á fiscalización do órgano interventor.

3. Á vista dos informes emitidos e o ditame previo da comisión informativa correspondente, corresponderalle ao Pleno da Corporación a adopción do acordo que proceda.

4. As solicitudes recibidas que carezan de fundamento ou motivación serán non admitidas a trámite mediante resolución de Presidencia, logo do informe emitido polo servizo correspondente."

A documentación achegada non acredita os elementos esenciais do réxime xurídico contido en ditos preceptos: Non se acredita o carácter excepcional e singular da totalidade dos proxectos dende o punto de vista provincial, non se xustifica que non existan outras actuacións municipais de similares características noutros concellos da provincia e non se acredita fehacientemente que non poidan acollerse a ningún programa de subvencións de concorrencia competitiva ou Plan da Deputación.

CUARTA: A documentación achegada para o financiamento da execución de obras, non reúne a totalidade das condicións requiridas polas normas de contratación do Sector Público para a correcta definición do obxecto e para garantir a viabilidade xurídica, orzamentaria e técnica da contratación oportuna: Non se achega en todos os expedientes a preceptiva supervisión técnica dos proxectos (Memoria valorada), non se pode acreditar en todas as propostas a dispoñibilidade dos terreos, as licenzas e/o autorizacións preceptivas necesarias, as prescricións técnicas ou as valoracións periciais requiridas.

En definitiva, a documentación presentada polos concellos, non permite a inmediata tramitación dos convenios oportunos por ser necesario achegar a documentación requirida para a súa aprobación e execución.



QUINTA: A tramitación de subvencions nominativas para o financiamento principalmente de investimentos municipais susceptibles de incluírse no Plan Provincial de Obras e Servizos deu lugar a reiterados informes da Intervención Provincial, dos que ten coñecemento o Pleno provincial. Os mais recentes informes ao respecto son os seguintes: “Informe-resumo dos resultados de control interno: informes de reparo e informes de control financeiro (artigo 37 del Real Decreto 424/2017, do 29 de abril, e Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 2 de abril de 2020)” e “Informe sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021”. O resumo operativo deste último informe ao respecto é que deberían tramitarse a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Único POS +) as achegas provinciais para investimentos municipais e que debería valorarse a posibilidade de tramitar unhas Bases de Convocatoria Xerais (con arranxo aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, con criterios obxectivos de selección e financiamento) que permitiran financiar aqueles proxectos de investimento singulares e excepcionais de iniciativa municipal que puideran non ter cabida nas normas do Plan Provincial pola súa importancia cuantitativa e cualitativa ou que puideran contar con achegas de outras Administracións Públicas (Europa, Estado, Comunidade Autónoma...) para as que os concellos beneficiarios non contaran con recursos suficientes para comprometer a súa achega.

A tramitación das subvencions nominativas principalmente para investimentos municipais susceptibles de ser incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos, Plan Único POS+, produce una minoración nas dotacións orzamentarias do dito Plan e, en consecuencia, minora as asignacións que lles corresponderían aos restantes Concellos da Provincia en aplicación dos criterios obxectivos contidos nas Bases do Plan Único POS+.

Neste sentido pronúnciase o Informe do Consello de Contas antes citado.

SEXTA: Como consecuencia das consideracións críticas expostas faise necesario concluír que se finalmente se continúa a tramitación das subvencions nominativas propostas sen incorporar a documentación preceptiva esta Intervención estará obrigada a formular o reparo suspensivo a que se refiren os artigos 213 e 218 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais pola omisión de requisitos ou trámites esenciais. O reparo debe ser obxecto da tramitación prevista a tal efecto e, finalmente, darase conta ao Tribunal de Cuentas de acordo coa súa normativa reguladora.



FINANCIAMENTO

O presente expediente de modificación de créditos por un total de 6.727.860,41 € finánciase con remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021 (6.471.338,85 €) e con baixas de crédito en outras aplicacións (256.521,56 €).

Tal e como se indica na proposta obxecto do informe, o contido resumido do expediente é o seguinte:

NECESIDADES DE FINANCIAMENTO		FONTES DE FINANCIAMENTO	
Créditos extraordinarios	1.200.140,00	Remanente de tesourería	6.471.338,85
Suplementos de crédito	5.527.720,41	Baixas por anulación	256.521,56
TOTAL	6.727.860,41	TOTAL	6.727.860,41

O resumo por capítulos das modificacións propostas presenta o seguinte detalle:

CAPÍTULOS DE GASTOS	MODIFICACIÓNS		CAPÍTULOS DE INGRESOS	MODIFICACIÓNS
	Aumentos	Diminucións		
1.- Gastos de persoal	44.210,30	0,00	1.- Impostos directos	0,00
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.064.398,20	0,00	2.- Impostos indirectos	0,00
3.- Gastos financeiros	200.000,00	0,00	3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
4.- Transferencias correntes	861.121,26	180.000,00	4.- Transferencias correntes	0,00
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	5.- Ingresos patrimoniais	0,00
6.- Invetimentos reais	2.891.272,99	0,00	6.- Alieamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	1.666.857,66	76.521,56	7.- Transferencias de capital	0,00
8.- Activos financeiros	0,00	0,00	8.- Activos financeiros	6.471.338,85
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	6.727.860,41	256.521,56	TOTAL MODIFICACIÓNS	6.471.338,85



2.2 ÁS NORMAS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

Recóllese a continuación a valoración de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da chamada “Regra de Gasto” e do “Límite de endebedamento” aos que se refire a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, como consecuencia de incluír no orzamento provincial o expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 de aprobación polo Pleno.

A. – AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

A.1. - Situación de estabilidade no Orzamento aprobado inicialmente para o exercicio 2022.

As previsións iniciais contidas no Orzamento da Deputación provincial para o exercicio 2022 responden ao seguinte detalle:



ORZAMENTO 2022		Créditos iniciais
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.- Recursos correntes	188.846.582,00
	Capítulo 1.- Impostos directos	21.197.022,80
	Capítulo 2.- Impostos indirectos	15.498.712,31
	Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.479.425,55
	Capítulo 4.- Transferencias correntes	140.657.821,34
	Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	13.600,00
	2.- Empregos correntes	154.822.622,02
	Capítulo 1.- Gastos de persoal	52.141.915,40
	Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	32.787.511,57
	Capítulo 3.- Gastos financeiros	761.000,00
	Capítulo 4.- Transferencias correntes	65.352.195,05
	Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.780.000,00
	Aforro bruto (1-2)	34.023.959,98
	3.- Recursos de capital	38.418,00
	Capítulo 6.- Aleamento de investimentos reais	38.418,00
	Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00
	4.- Empregos de capital	32.381.606,98
	Capítulo 6.- Investimentos reais	17.417.606,98
	Capítulo 7.- Transferencias de capital	14.964.000,00
	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)	1.680.771,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.- Recursos financeiros	350.000,00
	Capítulo 8.- Activos financeiros	350.000,00
	Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00
	6.- Empregos financeiros	2.030.771,00
	Capítulo 8.- Activos financeiros	2.030.771,00
	Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00
	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (5-6)	-1.680.771,00
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO TOTAL		0,00

Neste apartado reiterar que o Congreso dos Deputados apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais, requisito que establece o artigo 11.3 da LOEOeSF, e con carácter mais xeral o artigo 135.4 da Constitución.



A análise das cifras detalladas no cadro precedente permite realizar as seguintes consideracións:

1ª) O aforro bruto previsto é positivo e ascende a 34.023.959,98€.

2ª) O aforro bruto citado permite financiar os “empregos” de capital previstos (32.381.606,98€) e xeran unha capacidade de financiamento do total de operacións non financeiras previstas de 1.680.771,00€.

3ª) A capacidade de financiamento xerado polas operacións non financeiras coincide coa necesidade de financiamento que resulta das operacións financeiras, acreditándose, deste xeito, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a efectiva nivelación orzamentaria das previsións iniciais do exercicio 2022.

Para unha valoración máis precisa dos resultados indicados é necesario poñer de manifesto que nos créditos iniciais do capítulo V do estado de gastos recóllese unha dotación de 3.780.000,00 € para o fondo de continxencia a que se refire o artigo 31 da LOEOeSF.

A.2- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no EMC 3/2022.

No presente exercicio tramitáronse diferentes expedientes de modificación de créditos sobre o orzamento inicial que unidos ao presente expediente dan como resultado unha situación de estabilidade orzamentaria, de carácter formal que é a que se describe no cadro seguinte:



AVALIACIÓN PREVIA DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: E.M.C. 3/2022 DE APROBACIÓN POLO PLENO

ORZAMENTO 2021		Créditos	Modificacións		Créditos antes	Modificacións EMC 3/2022		Créditos
		iniciais	Aumentos	Diminuicións	EMC 3/2022	Aumentos	Diminuicións	definitivos
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.- Recursos correntes	188.846.582,00	5.739.228,78	0,00	194.585.810,78	0,00	0,00	194.585.810,78
	Capítulo 1.- Impostos directos	21.197.022,80	0,00	0,00	21.197.022,80	0,00	0,00	21.197.022,80
	Capítulo 2.- Impostos indirectos	15.498.712,31	0,00	0,00	15.498.712,31	0,00	0,00	15.498.712,31
	Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.479.425,55	50.553,89	0,00	11.529.979,44	0,00	0,00	11.529.979,44
	Capítulo 4.- Transferencias correntes	140.657.821,34	5.688.674,89	0,00	146.346.496,23	0,00	0,00	146.346.496,23
	Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	13.600,00	0,00	0,00	13.600,00	0,00	0,00	13.600,00
	2.- Empregos correntes	154.822.622,02	74.776.557,20	102.000,00	229.497.179,22	2.169.729,76	180.000,00	231.486.908,98
	Capítulo 1.- Gastos de persoal	52.141.915,40	85.707,60	0,00	52.227.623,00	44.210,30	0,00	52.271.833,30
	Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	32.787.511,57	20.031.050,88	2.000,00	52.816.562,45	1.064.398,20	0,00	53.880.960,65
	Capítulo 3.- Gastos financeiros	761.000,00	165.949,82	0,00	926.949,82	200.000,00	0,00	1.126.949,82
	Capítulo 4.- Transferencias correntes	65.352.195,05	54.493.848,90	100.000,00	119.746.043,95	861.121,26	180.000,00	120.427.165,21
	Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.780.000,00	0,00	0,00	3.780.000,00	0,00	0,00	3.780.000,00
	Aforro bruto (1-2)	34.023.959,98	-69.037.328,42	-102.000,00	-34.911.368,44	-2.169.729,76	-180.000,00	-36.901.098,20
	3.- Recursos de capital	38.418,00	6.697.144,96	0,00	6.735.562,96	0,00	0,00	6.735.562,96
	Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	38.418,00	0,00	0,00	38.418,00	0,00	0,00	38.418,00
	Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00	6.697.144,96	0,00	6.697.144,96	0,00	0,00	6.697.144,96
	4.- Empregos de capital	32.381.606,98	235.293.434,77	1.673.599,99	266.001.441,76	4.558.130,65	76.521,56	270.483.050,85
	Capítulo 6.- Investimentos reais	17.417.606,98	59.110.903,20	7.645,20	76.520.864,98	2.891.272,99	0,00	79.412.137,97
	Capítulo 7.- Transferencias de capital	14.964.000,00	176.182.531,57	1.665.954,79	189.480.576,78	1.666.857,66	76.521,56	191.070.912,88
	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)	1.680.771,00	-297.633.618,23	-1.775.599,99	-294.177.247,24	-6.727.860,41	-256.521,56	-300.648.586,09
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.- Recursos financeiros	350.000,00	305.626.150,62	0,00	305.976.150,62	6.471.338,85	0,00	312.447.489,47
	Capítulo 8.- Activos financeiros	350.000,00	305.626.150,62	0,00	305.976.150,62	6.471.338,85	0,00	312.447.489,47
	Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	6.- Empregos financeiros	2.030.771,00	9.768.132,38	0,00	11.798.903,38	0,00	0,00	11.798.903,38
	Capítulo 8.- Activos financeiros	2.030.771,00	9.768.132,38	0,00	11.798.903,38	0,00	0,00	11.798.903,38
	Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (5-6)		-1.680.771,00	295.858.018,24	0,00	294.177.247,24	6.471.338,85	0,00	300.648.586,09
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO TOTAL		0,00	-1.775.599,99	-1.775.599,99	0,00	-256.521,56	-256.521,56	0,00



Neste cadro ponse de manifesto que nas previsións definitivas de ingresos e gastos do Orzamento provincial do exercicio 2022 unha vez incorporadas as modificacións que recolle o EMC 3/2022 existe un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria de 300.648.586,09 € que ten a súa orixe na aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2021 (conceptos 870.00 e 870.10 do estado de ingresos) como fonte de financiamento das modificacións de crédito seguintes:

Concepto	Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado	Remanente de tesourería para gastos xerais	Remanente de tesourería total
Dispoñible a 01/01/2022	111.680,39	314.362.827,57	314.474.507,96
Aplicado a incorporación de remanentes (IR1/2022)	111.680,39	152.314.623,57	152.426.303,96
Aplicado ao EMC 1/2022 de aprobación polo Pleno	0,00	92.063.459,16	92.063.459,16
Aplicado ao EMC 2/2022 de aprobación polo Pleno	0,00	61.136.387,50	61.136.387,50
Aplicado ao EMC 3/2022 de aprobación polo Pleno	0,00	6.471.338,85	6.471.338,85
Saldo	0,00	2.377.018,49	2.377.018,49

Ao respecto debe sinalarse que o remanente de tesourería do exercicio 2021, utilizado como recurso para financiar expedientes de modificación de créditos non pode considerarse como unha operación de endebedamento do exercicio 2022 senón que constitúe unha fonte de financiamento propia derivada da execución orzamentaria provincial.

Do exposto anteriormente dedúcese que para unha axeitada valoración do obxectivo de estabilidade orzamentaria na Deputación Provincial da Coruña, ao comparar as “previsións definitivas” de ingresos e os “créditos definitivos” de gastos do exercicio 2022, resulta ilustrativo realizar as valoracións que se recollen no cadro seguinte

AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: EMC 3/2022 AXUSTES EN PREVISIÓNS/CRÉDITOS DEFINITIVOS.

ORZAMENTO 2021		Créditos despois do EMC 3/2022 (A)	Modificacións por aplicación do remanente de tesourería (B)	TOTAL (A) - (B)
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.- Recursos correntes	194.585.810,78	0,00	194.585.810,78
	Capítulo 1.- Impostos directos	21.197.022,80		21.197.022,80
	Capítulo 2.- Impostos indirectos	15.498.712,31		15.498.712,31
	Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.529.979,44		11.529.979,44
	Capítulo 4.- Transferencias correntes	146.346.496,23		146.346.496,23
	Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	13.600,00		13.600,00
	2.- Empregos correntes	231.486.908,98	69.285.072,08	162.201.836,90
	Capítulo 1.- Gastos de persoal	52.271.833,30	107.165,90	52.164.667,40
	Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	53.880.960,65	17.163.515,71	36.717.444,94
	Capítulo 3.- Gastos financeiros	1.126.949,82	365.949,82	761.000,00
	Capítulo 4.- Transferencias correntes	120.427.165,21	51.648.440,65	68.778.724,56
	Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.780.000,00	0,00	3.780.000,00
	Aforro bruto (1-2)	-36.901.098,20	-69.285.072,08	32.383.973,88
	3.- Recursos de capital	6.735.562,96	0,00	6.735.562,96
	Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	38.418,00		38.418,00
	Capítulo 7.- Transferencias de capital	6.697.144,96		6.697.144,96
	4.- Empregos de capital	270.483.050,85	233.044.285,01	37.438.765,84
	Capítulo 6.- Investimentos reais	79.412.137,97	55.271.417,34	24.140.720,63
	Capítulo 7.- Transferencias de capital	191.070.912,88	177.772.867,67	13.298.045,21
	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)	-300.648.586,09	-302.329.357,09	1.680.771,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.- Recursos financeiros	312.447.489,47	312.097.489,47	350.000,00
	Capítulo 8.- Activos financeiros	312.447.489,47	312.097.489,47	350.000,00
	Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00		0,00
	6.- Empregos financeiros	11.798.903,38	9.768.132,38	2.030.771,00
	Capítulo 8.- Activos financeiros	11.798.903,38	9.768.132,38	2.030.771,00
	Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00		0,00
	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (5-6)	300.648.586,09	302.329.357,09	-1.680.771,00
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO TOTAL		0,00	0,00	0,00



Neste último cadro, ponse de manifesto que a situación das previsións e créditos definitivos despois do expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 presentan unha “necesidade de financiamento total de 300.648.586,09 €; non obstante, se se exclúen do cómputo todas aquelas modificacións orzamentarias correspondentes as operacións non financeiras do exercicio 2022 que se financiaron con remanente de tesourería do exercicio 2021 (312.097.489,47€) obtense unha situación que pon de manifesto que as operacións non financeiras xeran unha capacidade de financiamento de 1.680.771,00 €. e que as operacións financeiras dan lugar a unha necesidade de financiamento de 1.680.771,00 €.

En virtude do exposto resulta evidente que o “desequilibrio” ou “necesidade de financiamento” indicado require dun Plan económico financeiro de corrección que, en todo caso deberá poñer de manifesto que o desequilibrio está motivado exclusivamente pola utilización do remanente de tesourería como recurso para financiar modificacións de créditos nos conceptos de gasto non financeiro. O Plan económico debe ter o contido establecido no art. 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Todo iso sen prexuízo do resultado que se obteña ao longo do exercicio como consecuencia da real e efectiva execución orzamentaria das previsións agora analizadas.

Se a evolución do obxectivo de estabilidade orzamentaria se avaliasse cos criterios utilizados pola Administración do Estado para configurar a información orzamentaria a remitir en aplicación da Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2105/2012, do 1 de outubro, modificada pola Orde HAP 2082/2014, do 7 de novembro, pola que se desenvolven as obrigacións de achegar a información disposta na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, obtéñense os resultados que se inclúen no Anexo I ao presente expediente de modificacións de crédito que pon de manifesto o previsíbel cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao longo do exercicio nas condicións e cos axustes tidos en conta na súa proxección ao remate deste exercicio orzamentario, cunha marxe de 23.332.405,99 €.



B. – REGRA DE GASTO.

Ao presente informe acompaña-se o Anexo II que ten por obxecto a “análise e a avaliación do cumprimento da regra de gasto á que se refire a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”, que dá como resultado o incumprimento en 1.665.119,25 € sobre os gatos computables do exercicio 2021.

Como xa se indicou anteriormente, o 22 de setembro de 2021 o Congreso dos Deputados apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais, requisito que establece o artigo 11.3 da LOEOeSF, e con carácter mais xeral o artigo 135.4 da Constitución.

C. – LÍMITE DE ENDEBEDAMENTO

A situación da débeda provincial por operacións de crédito a 1 de xaneiro de 2022 e a evolución prevista durante o dito exercicio é a detallada no informe da Intervención ao Orzamento do exercicio 2022, que pon de manifesto a inexistencia de operacións de crédito con entidades financeiras, concertadas ou programadas para o exercicio.

Os importes que se han devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 polos tributos cedidos do Estado e polo Fondo Complementario de Financiamento, terán durante o exercicio 2022 a evolución que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	PENDENTE DE DEVOLUCIÓN A 01.01.2022	IMPORTE QUE SE HA REINTEGRAR ANO 2022	PENDENTE DE DEVOLUCIÓN A 31.12.2022
Liquidación 2008	4.051.641,37	405.164,04	3.646.477,33
Liquidación 2009	17.170.054,08	1.717.005,60	15.453.048,48
TOTAL	21.221.695,45	2.122.169,64	19.099.525,81



TERCEIRO: CONSIDERACIÓNS FINAIS

De canto se expuxo poden obterse as seguintes conclusións relevantes:

PRIMEIRA: O expediente de modificación de créditos núm. 3/2022, de aprobación polo Pleno, finánciase con recursos suficientes de acordo coa normativa orzamentaria de aplicación e ascende a 6.727.860,41 €.

SEGUNDA: Tramitar o EMC 3/2022 implica unha “capacidade de financiamento total” das previsións definitivas por operacións non financeiras de 300.648.586,09 € como consecuencia de utilizar como fonte de financiamento o remanente de tesourería no importe total de 312.097.489,47 €.

De acordo co establecido nos artigos 21 e 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira requírese a elaboración e aprobación dun Plan económico financeiro para a corrección das situacións de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, co contido, alcance e procedementos establecidos no dito precepto. Correspóndelle ao Pleno a aprobación do plan requirido e darlle a tramitación establecida no artigo 23.4 da LOEPeSF. Todo isto sen prexuízo de tomar en consideración o disposto no artigo 21.1 do Real decreto 1463/2007 citado.

En todo caso tomarase en consideración a causa do incumprimento citado e a situación económico-financeira xeral da Deputación e os restantes elementos descritos no apartado 2 do artigo 21 da reiterada LOEPeSF.

Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación obtense os resultados que se recollen no anexo I e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao longo do exercicio coas estimacións deducidas do presente expediente, e polo importe de 23.332.405,99 € tal e como se recolle no citado anexo I.



TERCEIRA: Os créditos iniciais e definitivos actuais do Orzamento do exercicio 2022, tras os axustes correspondentes, dá como resultado o incumprimento da regra de gasto cunha marxe de 1.665.119,25 €.

Como xa se indicou anteriormente, o 22 de setembro de 2021 o Congreso dos Deputados apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais, requisito que establece o artigo 11.3 da LOEOeSF, e con carácter mais xeral o artigo 135.4 da Constitución.

CUARTA: O volume total da débeda por operacións financeiras e por importes a devolver ao Estado polas liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 é moi inferior ao límite legal establecido no artigo 53 do TRLRHL e na Disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, e na disposición adicional septuaxésimo sétima da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

QUINTA: A tramitación dos créditos definitivos destinados a subvencións nominativas deberán adecuarse as consideracións, requisitos e documentación requirida nas normas de aplicación e manifestadas no presente informe. Noutro caso estaríamos en presenza da omisión de requisitos e trámites esenciais, nos termos e coas consecuencias que establece o artigo 216.2.c) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, como se reitera no presente informe polos motivos que se indican nos apartados correspondentes:

- Falta de motivación da singularidade das entidades e da xustificación da excepcionalidade das actividades ou investimentos obxecto de dotación orzamentaria para atender a futuras subvencións nominativas, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública a través do Plan Provincial de Obras e Servizos ou de subvención en réxime de concorrencia competitiva das subvencións nominativas propostas. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS e nos artigos 16 e 17 da Ordenanza Provincial de subvencións e transferencias para xustificar o carácter nominativo das subvencións propostas.
- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe das subvencións provinciais que se han conceder e dos coeficientes de financiamento que se eximan para as subvencións nominativas a tramitar a favor de Concellos.



SEXTA: O expediente tramitado contén a seguinte documentación:

- Propostas das distintas unidades, co conforme dos/as Deputados/as de área, onde se pon de manifesto o carácter específico e determinado dos gastos que se van realizar.
- Detalle das aplicacións orzamentarias nas que se suplementa ou habilita crédito e o medio de financiamento previsto.
- Memoria-proposta da Presidencia, (artigo 177 do TRLRFL e 37.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril).

Inclúense como anexos ao presente informe as follas de cálculo utilizadas para avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto como consecuencia das previsións contidas neste expediente de modificación de créditos.

Tamén se incorpora como anexo o informe da Intervención Provincial do 08/02/2022 sobre a acción de fomento provincial no período 2012-2021.

O exposto contén o parecer dos informantes que se pon de manifesto para á súa incorporación aos expedientes tramitados, en cumprimento do establecido nas normas de aplicación sobre os expedientes de modificación de créditos dos orzamentos das entidades locais.

A xefa do servizo
María José Vázquez Sesmonde
(asinado dixitalmente)

O interventor xeral
José Manuel Pardellas Rivera
(asinado dixitalmente)

JOSÉ MANUEL PARDELLAS
RIVERA
Data e hora: 14/06/2022 13:23

Mª JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE
Data e hora: 14/06/2022 12:59

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/validoc
Código:
ab236335fe196bea071d469148bc100f71545bc



EVALUACION CUMPLIMIENTO OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA: EMC_3_2022

	Diputación	Consortio contraincendios	Faepac	Consolidado
I1- Impuestos directos	21.197.022,80	0,00	0,00	21.197.022,80
I2- Impuestos indirectos	15.498.712,31	0,00	0,00	15.498.712,31
I3- Tasas y otros ingresos	11.529.979,44	2.613.949,00	13.549,48	14.157.477,92
I4- Transferencias corrientes	146.346.496,23	8.032.287,02	239.787,46	154.618.570,71
I5- Ingresos patrimoniales	13.600,00	0,00	0,00	13.600,00
I6- Enaj. de invers. Reales	38.418,00	0,00	0,00	38.418,00
I7- Transferencias de capital	6.697.144,96	0,00	0,00	6.697.144,96
I8- Activos financieros	312.447.489,47	0,00	0,00	312.447.489,47
I9- Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00
Total ingresos	513.768.863,21	10.646.236,02		524.415.099,23
Ingresos no financieros	201.321.373,74	10.646.236,02	253.336,94	212.220.946,70
G1- Gastos de personal	52.271.833,30	7.627.179,73	170.476,67	60.069.489,70
G2- Gastos en bienes y servicios	53.880.960,65	1.809.901,74	82.860,27	55.773.722,66
G3- Gastos financieros	1.126.949,82	10.000,00	0,00	1.136.949,82
G4- Transferencias corrientes	120.427.165,21	1.083.756,59	0,00	121.510.921,80
G5- Contingencias	3.780.000,00	60.397,96	0,00	3.840.397,96
G6- Inversiones reales	79.412.137,97	55.000,00	0,00	79.467.137,97
G7- Transferencias de capital	191.070.912,88	0,00	0,00	191.070.912,88
G8- Activos financieros	11.798.903,38	0,00	0,00	11.798.903,38
G9- Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00
Total gastos	513.768.863,21	10.646.236,02		524.415.099,23
Gastos no financieros	501.969.959,83	10.646.236,02	253.336,94	512.869.532,79

EVALUACION ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA:

Ingresos no financieros	201.321.373,74	10.646.236,02	253.336,94	212.220.946,70
Gastos no financieros	501.969.959,83	10.646.236,02	253.336,94	512.869.532,79
Ajustes recaudación capítulo 1	2.967.583,19	0,00		2.967.583,19
Ajustes recaudación capítulo 2	-154.987,12	0,00		-154.987,12
Ajustes recaudación capítulo 3	1.844.796,71	2.247.996,14		4.092.792,85
Ajuste por liquidación PTE-2008	405.164,10	0,00		405.164,10
Ajuste por liquidación PTE-2009	1.717.005,49	0,00		1.717.005,49
Ajuste por liquidación PTE de otros ejercicios	31.524.130,18	0,00		31.524.130,18
Ajuste por devengo de intereses	0,00	0,00		0,00
Ajuste por arrendamiento financiero	0,00	0,00		0,00
(+/-)Ajuste por grado ejecución del gasto	285.664.818,38	3.818.433,77		289.483.252,15
Ajuste por ingresos obtenidos de la Unión Europea o de otras AA. PP.:	12.481,15	0,00		12.481,15
Unión Europea	7.028,32			
Estado	0,00			
Comunidad Autonoma	5.452,83			
Diputaciones	0,00			
Otras Administraciones Publicas	0,00			
Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto	0,00	11.605,08		11.605,08
Total ajustes propia entidad	323.980.992,08	6.078.034,99		330.059.027,07
Ajustes por operaciones internas	0,00	0,00	0,00	0,00
Capacidad/necesidad financiación	23.332.405,99	6.078.034,99	0,00	29.410.440,98

CUMPLE OBJETIVO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	CUMPLE OBJETIVO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	CUMPLE OBJETIVO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	CUMPLE OBJETIVO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA
--	--	--	--

Ajuste por criterio caja capítulos 1 a 3 de ingresos

Ejercicio 2021:				
Previsiones definitivas:				
I1- Impuestos directos	17.904.544,30	0,00		17.904.544,30
I2- Impuestos indirectos	14.906.873,78	0,00		14.906.873,78
I3- Tasas y otros ingresos	10.835.476,55	2.474.815,53		13.310.292,08
Recaudación ej. corriente:				
I1- Impuestos directos	19.177.799,74	0,00		19.177.799,74
I2- Impuestos indirectos	13.402.161,69	0,00		13.402.161,69
I3- Tasas y otros ingresos	12.407.312,74	2.384.390,00		14.791.702,74
Recaudación ej. Cerrados:	0,00	0,00		
I1- Impuestos directos	1.155.903,44	0,00		1.155.903,44
I2- Impuestos indirectos	1.337.712,72	0,00		1.337.712,72
I3- Tasas y otros ingresos	206.586,03	2.207.052,14		2.413.638,17
Total recaudación:				
I1- Impuestos directos	20.333.703,18	0,00		20.333.703,18
I2- Impuestos indirectos	14.739.874,41	0,00		14.739.874,41
I3- Tasas y otros ingresos	12.613.898,77	4.591.442,14		17.205.340,91
Recaudación en %				
I1- Impuestos directos	1,14			
I2- Impuestos indirectos	0,99			
I3- Tasas y otros ingresos	1,16	1,86		
Ajustes a previsiones 2022:				
I1- Impuestos directos	2.967.583,19	0,00		2.967.583,19
I2- Impuestos indirectos	-154.987,12	0,00		-154.987,12
I3- Tasas y otros ingresos	1.844.796,71	2.247.996,14		4.092.792,85

Ajustes por reintegro liquidaciones PIE:

Devolución liquidación PTE 2008	405.164,10			405.164,10
Devolución liquidación PTE 2009	1.717.005,49			1.717.005,49
Devolución liquidación PTE otros ejercicios	31.524.130,18			31.524.130,18

Ajuste por gasto no imputado al presupuesto:

Saldo inicial cuenta PGC 413 AOD 1/1/2021	0,00	345.614,22		345.614,22
Saldo final cuenta PGC 413 AOD 31/12/2021	0,00	334.009,14		334.009,14

JOSÉ MANUEL PARDELLAS
RIVERA
Data e hora: 14/06/2022 13:23

Mª JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE
Data e hora: 14/06/2022 12:59

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
ab236335fe196bea071d469148bc100f71545bc



	Diputación	Consortio contraincendios	Faepac	Consolidado
Gastos pendientes de imputar a presupuesto 2021	0,00	11.605,08		11.605,08
Saldo inicial cuenta PGC 413 AOD 1/1/2022	0,00	11.605,08		11.605,08
Saldo final cuenta PGC 413 AOD 31/12/2022	0,00	0,00		
Gastos pendientes de imputar a presupuesto 2022	0,00	11.605,08		11.605,08

Ajuste por ejecución presupuestaria:				
2019				
Créditos definitivos:				
G1- Gastos de personal	47.697.475,89	310.627,56		48.008.103,45
G2- Gastos en bienes y servicios	41.715.283,39	8.521.317,91		50.236.601,30
G3- Gastos financieros	66.000,00	1.000,00		67.000,00
G4- Transferencias corrientes	92.338.354,06	873.700,47		93.212.054,53
G6- Inversiones reales	62.527.373,74	4.158.362,25		66.685.735,99
G7- Transferencias de capital	184.804.755,46	0,00		184.804.755,46
SUMAS	429.149.242,54	13.865.008,19		443.014.250,73
Obligaciones reconocidas:				
G1- Gastos de personal	45.777.217,59	250.450,30		46.027.667,89
G2- Gastos en bienes y servicios	23.886.369,65	8.131.150,56		32.017.520,21
G3- Gastos financieros	2.433,88	75,00		2.508,88
G4- Transferencias corrientes	52.734.004,63	1.000,00		52.735.004,63
G6- Inversiones reales	15.265.359,80	207.526,28		15.472.886,08
G7- Transferencias de capital	45.684.926,21	0,00		45.684.926,21
SUMAS	183.350.311,76	8.590.202,14		191.940.513,90
Ejecución en %:				
G1- Gastos de personal	0,9597	0,8063		0,9587
G2- Gastos en bienes y servicios	0,5726	0,9542		0,6373
G3- Gastos financieros	0,0369	0,0750		0,0374
G4- Transferencias corrientes	0,5711	0,0011		0,5658
G6- Inversiones reales	0,2441	0,0499		0,2320
G7- Transferencias de capital	0,2472			0,2472
Media	0,4272	0,6196		0,4333
2020				
Créditos definitivos:				
G1- Gastos de personal	49.539.167,34	7.224.989,92		56.764.157,26
G2- Gastos en bienes y servicios	42.000.069,96	1.932.296,20		43.932.366,16
G3- Gastos financieros	541.000,00	4.457,35		545.457,35
G4- Transferencias corrientes	119.187.627,30	508.695,10		119.696.322,40
G6- Inversiones reales	57.397.778,04	5.929.747,97		63.327.526,01
G7- Transferencias de capital	175.717.016,56	0,00		175.717.016,56
SUMAS	444.382.659,20	15.600.186,54		459.982.845,74
Obligaciones reconocidas:				
G1- Gastos de personal	46.984.080,00	3.866.698,11		50.850.778,11
G2- Gastos en bienes y servicios	21.754.769,95	1.378.173,66		23.132.943,61
G3- Gastos financieros	448.196,79	3.212,58		451.409,37
G4- Transferencias corrientes	61.993.971,23	0,00		61.993.971,23
G6- Inversiones reales	17.944.791,36	20.765,75		17.965.557,11
G7- Transferencias de capital	42.787.229,23	0,00		42.787.229,23
SUMAS	191.913.038,56	5.268.850,10		197.181.888,66
Ejecución en %:				
G1- Gastos de personal	0,9484	0,5352		0,8958
G2- Gastos en bienes y servicios	0,5180	0,7132		0,5266
G3- Gastos financieros	0,8285	0,7207		0,8276
G4- Transferencias corrientes	0,5201	0,0000		0,5179
G6- Inversiones reales	0,3126	0,0035		0,2837
G7- Transferencias de capital	0,2435			0,2435
Media	0,4319	0,3377		0,4287
2021				
Créditos definitivos:				
G1- Gastos de personal	49.999.305,28	7.599.773,69		57.599.078,97
G2- Gastos en bienes y servicios	49.334.156,33	2.039.753,12		51.373.909,45
G3- Gastos financieros	793.107,18	13.890,09		806.997,27
G4- Transferencias corrientes	135.018.017,37	1.018.990,20		136.037.007,57
G6- Inversiones reales	69.205.694,07	6.046.195,92		75.251.889,99
G7- Transferencias de capital	177.921.835,36	0,00		177.921.835,36
SUMAS	482.272.115,59	16.718.603,02		498.990.718,61
Obligaciones reconocidas:				
G1- Gastos de personal	48.089.603,65	5.890.651,13		53.980.254,78
G2- Gastos en bienes y servicios	24.662.059,16	1.270.147,71		25.932.206,87
G3- Gastos financieros	567.583,16	768,30		568.351,46
G4- Transferencias corrientes	79.885.949,74	0,00		79.885.949,74
G6- Inversiones reales	15.162.488,39	165.436,74		15.327.925,13
G7- Transferencias de capital	39.116.730,48	0,00		39.116.730,48
SUMAS	207.484.414,58	7.327.003,88		214.811.418,46
Ejecución en %:				
G1- Gastos de personal	0,9618	0,7751		0,9372
G2- Gastos en bienes y servicios	0,4999	0,6227		0,5048
G3- Gastos financieros	0,7156	0,0553		0,7043
G4- Transferencias corrientes	0,5917			0,5872
G6- Inversiones reales	0,2191	0,0274		0,2037
G7- Transferencias de capital	0,2199			0,2199
Media	0,4302	0,4383		0,4305
Cálculo media de % de ejecución:				
G1- Gastos de personal	0,9566	0,7055		
G2- Gastos en bienes y servicios	0,5302	0,7634		
G3- Gastos financieros	0,5270	0,2837		
G4- Transferencias corrientes	0,5610	0,0004		
G6- Inversiones reales	0,2586	0,0269		
G7- Transferencias de capital	0,2369	0,0000		
Media	0,4298	0,4652		
Ajustes:				
G1- Gastos de personal	2.268.597,57	2.246.204,43		4.514.802,00
G2- Gastos en bienes y servicios	25.313.275,31	428.222,75		25.741.498,06
G3- Gastos financieros	533.047,26	7.163,00		540.210,26
G4- Transferencias corrientes	52.867.525,53	1.083.323,09		53.950.848,62
G6- Inversiones reales	58.876.159,09	53.520,50		58.929.679,59
G7- Transferencias de capital	145.806.213,62	0,00		145.806.213,62
SUMAS	285.664.818,38	3.818.433,77		289.483.252,15



EVALUACION DEL CUMPLIMIENTO DE LA REGLA DE GASTO: EMC_3_2022

	Diputación	Consortio contraincendios	Faepac	Consolidado
Gasto computable liq. 2021 (GC2021)	202.878.164,40	7.314.630,50	216.579,26	210.409.374,16
Inversiones financieramente sostenibles (2021) (IFS2020)	0,00	0,00	0,00	0,00
Tasa referencia crecimiento PIB (TRCPIB) 2021	3,00%	3,00%	3,00%	3,00%
(GC2021-IFS2021)*(1+TRCPIB)	208.964.509,33	7.534.069,42	223.076,64	216.721.655,39
Aumentos/disminuciones Presupuesto 2022 por cambios normativos	0,00	0,00	0,00	0,00
Inversiones financieramente sostenibles (2022) (IFS2022)	0,00	0,00	0,00	0,00
Límite de la Regla de Gasto	208.964.509,33	7.534.069,42	223.076,64	216.721.655,39
Gasto computable liq. 2022 (GC2022)-IFS2022	210.629.628,58	6.806.197,17	253.336,94	217.689.162,69
Diferencia límite Regla de Gasto y Gasto computable 2022	-1.665.119,25	727.872,25	-30.260,30	-967.507,30
% Incremento gasto computable 2022/2021	3,82%	-6,95%	16,97%	3,46%

SUPERA LIMITE GASTO COMPUTABLE	CUMPLE REGLA DE GASTO	SUPERA LIMITE GASTO COMPUTABLE	SUPERA LIMITE GASTO COMPUTABLE
-----------------------------------	--------------------------	--------------------------------------	-----------------------------------

	Diputación	Consortio contraincendios	Faepac	Consolidado
Gasto computable liq. 2021 (GC2021):				
Empleos no financieros	207.484.414,58	7.327.003,88	216.579,26	215.027.997,72
Intereses de la deuda	567.583,16	768,30	0,00	568.351,46
Empleos no financieros sin intereses deuda	206.916.831,42	7.326.235,58	216.579,26	214.459.646,26
AJUSTES Calculo empleos no financieros según el SEC	0,00	-11.605,08	0,00	-11.605,08
(-) Enajenación de terrenos y demás inversiones reales	0,00	0,00	0,00	0,00
(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local				0,00
(+/-) Ejecución de Aavales				0,00
(+) Aportaciones de capital				0,00
(+/-) Asunción y cancelación de deudas				0,00
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	-11.605,08	0,00	-11.605,08
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas				0,00
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado				0,00
(+/-) Arrendamiento financiero				0,00
(+) Préstamos				0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago proveedores 2012				0,00
(-) Inversiones realizadas por la Corporación local por cuenta de otra Administración Pública				0,00
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto				0,00
(+/-) Otros (Especificar)				0,00
Empleos no financieros terminos SEC excepto intereses de la deuda	206.916.831,42	7.314.630,50	216.579,26	214.448.041,18
(-) Pagos por transferencias (y otras operaciones internas) a otras entidades que integran la Corporacion Local (3)	-3.902.105,38			-3.902.105,38
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	-136.561,64	0,00	0,00	-136.561,64
Unión Europea	0,00	0,00	0,00	0,00
Estado	0,00	0,00	0,00	0,00
Comunidad Autonoma	-136.561,64	0,00	0,00	-136.561,64
Diputaciones	0,00	0,00	0,00	0,00
Otras Administraciones Publicas	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación	0,00	0,00	0,00	0,00
Total gasto computable del ejercicio (GC2021)	202.878.164,40	7.314.630,50	216.579,26	210.409.374,16

	Diputación	Consortio contraincendios	Faepac	Consolidado
Gasto computable liq. 2022 (GC2022):				
Empleos no financieros	501.969.959,83	10.646.236,02	253.336,94	512.869.532,79
Intereses de la deuda	1.126.949,82	10.000,00	0,00	1.136.949,82
Empleos no financieros sin intereses deuda	500.843.010,01	10.636.236,02	253.336,94	511.732.582,97
AJUSTES Calculo empleos no financieros según el SEC	-285.703.236,38	-3.830.038,85	0,00	-289.533.275,23
(-) Enajenación de terrenos y demás inversiones reales	-38.418,00	0,00		-38.418,00
(+/-) Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local				0,00
(+/-) Ejecución de Aavales				0,00
(+) Aportaciones de capital				0,00
(+/-) Asunción y cancelación de deudas				0,00



	Diputación	Consortio contra incendios	Faepac	Consolidado
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	-11.605,08		-11.605,08
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas				0,00
(+/-) Adquisiciones con pago aplazado				0,00
(+/-) Arrendamiento financiero				0,00
(+) Préstamos				0,00
Como se indicou de forma reiterada por esta Intervención provincial só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación, na Ordenanza provincial de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pódese xustificar a excepción a xeral aplicación dos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Esta circunstancia excepcional non foi acreditada, a xuízo deste servizo de fiscalización provincial en tódolos expedientes tramitados, nos que se emitiu o preceptivo informe de fiscalización con reparos por entender que concorren as circunstancias expresadas no artigo 216.2.c do TRLRFL. (omisión de requisitos ou trámites esenciais) e por considerar que non concorren as condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións para xustificar o carácter nominativo das subvencións tramitadas.

Os informes críticos emitidos responden as seguintes circunstancias:

-O obxecto da subvención nominativa aprobada podía ser financiado a través do Plan Único de Obras e Servizos (POS) ou das convocatorias xerais aprobadas no exercicio dirixidas a concellos.

-O obxecto da subvención refírese a investimentos ou actividades de competencia municipal comúns a todos os concellos da provincia e nos expedientes non se acredita a excepcionalidade que concorre para o seu financiamento provincial singular.

-Non se acreditan os criterios obxectivos tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial e o coeficiente de financiamento resultante. Cuestión que resulta particularmente relevante se se toma en consideración os importes medios das subvencións outorgadas en concorrência e das concedidas con carácter nominativo.

En todo caso, aprovéitase esta ocasión para suxerir a tramitación dunha convocatoria de subvencións dirixidas a concellos para proxectos de singular interese provincial que non poidan incluírse no Plan Único de Obras e Servizos (POS) para que a través de criterios obxectivos se permita garantir os principios constitucionais de publicidade, concorrência, igualdade, non discriminación, obxectividade e interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

A configuración de Bases específicas para proxectos singulares nas áreas de actividade de Cultura, Deportes e Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente permitiu que no exercicio 2020 reducírase significativamente o número e contía das subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas en exercicios anteriores, se relacionan no **Anexo 14**. As ditas convocatorias continuaron tramitándose no 2021.

Debe insistirse en que a acción de fomento provincial dirixida aos concellos da provincia debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, entre os que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas administracións públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.

Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e así se acredite no expediente administrativo. En todo caso debe tomarse en consideración o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e no artigo 67.3 do Regulamento desta para motivar adecuadamente o outorgamento da achega provincial, a súa contía, o coeficiente de financiamento proposto e demais puntos recollidos na Ordenanza Provincial de subvencións e transferencias e nas Bases de execución do Orzamento provincial.

Tamén, é necesario lembrar do apartado III do informe da Intervención Provincial do 28/3/2012, a proposta



da Presidencia e o Acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 10 de abril do ano 2012, nos que, entre outras cuestións se expoñía que a "tramitación dun Plan estratéxico provincial para o período 2012-2015 que permita orientar as actividades e servizos provinciais que se han de prestar aos concellos, ás organización públicas ou privadas do ámbito provincial e á cidadanía da provincia, de acordo coas circunstancias e necesidades actuais, tomando en consideración as oportunidades que permitan o marco estratéxico de converxencia económica da Unión Europea". Esta reflexión sobre as actividades e servizos provinciais faise máis necesaria, se cabe, tras a entrada en vigor das distintas normas estatais e autonómicas que se refiren ás competencias dos entes locais.

Finalmente, é necesario recordar o contido do Informe do Consello de Contas sobre os criterios de repartición de recursos entre Concellos a través dos Plans Provinciais e a eficiencia do gasto nas lexislaturas de 2003 a 2019, (**Anexo 16**) do que citamos, textualmente, os parágrafos que se indican:

- Últimos parágrafos da PAG 18

Respecto dos convenios de concesión directa de subvencións

"12.Dos convenios asinados nos exercicios en que se realizou a mostra, resulta que, pese a que debe ser un instrumento de carácter excepcional, representan o 44% do importe da achega da Deputación ao POS 2007; do 124% da achega para o exercicio 2010; do 50% da achega para o exercicio 2015 e do 12% para a exercicio 2017.

13.No relativo á xustificación das razóns para a celebración dos convenios, nos convenios obxecto da mostra a motivación da excepcionalidade límitase a incorporar na resolución de aprobación o contido xenérico de que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade realizada, polo que non se pode considerar como xustificada.

14.O obxecto dos convenios revisados é cooperar na prestación dun servizo municipal e conseguintemente, deberon ser incluídos nos POS."

- Primeiro parágrafo da PAG.65

"Como conclusión, cabe salientar que os convenios administrativos non poden ser un instrumento que permita eludir a inclusión dunha obra ou servizo no POS. A celebración de convenios cuxo obxecto puido financiarse no marco do POS ou doutros plans especiais que garanten a publicidade e concorrência competitiva, implica unha alteración no reparto efectivo dos fondos provinciais destinados a cooperación na prestación dos servizos municipais e a formalización dos mesmos non só vulnera os principios de concorrência, igualdade e non discriminación, senón que tamén vulnera o fin propio e específico da entidade de garantir o principio de solidariedade e equilibrio intermunicipal."

VIII.2.- CONSIDERACIÓNS SOBRE AS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS A ENTIDADES PÚBLICAS.

Entre as entidades de dereito público ás que se outorgaron subvencións nominativas no exercicio 2021 e en anos anteriores, figuran as Universidades Públicas que realizan actividades na provincia: Universidade de Santiago de Compostela (USC), Universidade da Coruña (UDC).

A reiteración e permanencia das subvencións outorgadas aconsella elaborar e aprobar un Programa específico de colaboración anual coas Universidades citadas no que se establezan obxectivos compartidos, criterios de asignación dos recursos provinciais, coeficiente de financiamento e demais elementos relevantes para a acción de fomento provincial. Neste apartado resulta especialmente ilustrativo o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, recentemente aprobado.

Por idénticas razóns propónse a elaboración e aprobación de proxectos singulares e excepcionais nos ámbitos de fomento da lingua galega ou outros que permitan incardinar as subvencións nominativas actuais a programas de subvencións en réxime de concorrência competitiva en condicións de publicidade e acordos cos principios xerais contidos na normativa reguladora das subvencións públicas.



VIII.3.- CONSIDERACIÓNS SOBRE A ACCIÓN DE FOMENTO NO ANO 2021 DIRIXIDA A ENTIDADES PRIVADAS.

VIII.3.a).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrência dirixidas a entidades sin ánimo de lucro.

Neste apartado resulta relevante recoller as consideracións singulares que se expoñen a continuación:

Na sesión do pleno que tivo lugar o día 28 de febreiro do 2020 aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2020-2022, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 104 do 9 de xullo. Desta forma deuse cumprimento ao establecido no artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións e nos artigos 10 a 15 do Regulamento para o seu desenvolvemento. No entanto, debe insistirse na necesidade de coordinación con outras Administracións públicas (Xunta e concellos) e na de desenvolvemento e aplicación do Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia, que se acompaña como **Anexo número 15** ao presente informe.

Neste momento resulta necesario, urxente e inaprazable actualizar o Plan Estratéxico de Subvencións para incorporar as novas Bases de Convocatorias aprobadas durante a súa vixencia, e para estudar a racionalización, simplificación e coordinación das convocatorias actuais.

Nos exercicios 2012 a 2021 tramitáronse un total 280 convocatorias, en réxime de concorrência, cada unha delas coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv
2012	15
2013	15
2014	17
2015	19
2016	27
2017	28
2018	36
2019	39
2020	39
2021	45
TOTAL	280

No **anexo 5** se inclúe o listado das convocatorias de 2021

Se as 45 Bases de Convocatorias dirixidas a Entidades lle engadimos as 14 orientadas a Concellos, obtemos un total de 59 Bases e Convocatorias tramitadas no exercicio 2021.

Nos exercicios 2012 a 2021, o número de subvencións outorgadas ascendeu a 25.010 o que dá unha idea aproximada dos custos que a súa xestión implica para os destinatarios e para os servizos provinciais:



solicitudes, concesión provisional, definitiva, xustificación, pagos. Cada un dos trámites indicados require, á súa vez, dunha minuciosa documentación específica, dos informes e propostas preceptivos e das correspondentes resolucións, notificacións e/ou publicacións, etc.

EXERCICIO	EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2021			
	CONCURRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	1.779	69	532	2.380
2013	1.779	117	509	2.405
2014	1.640	134	475	2.249
2015	1.985	108	477	2.570
2016	1.865	76	472	2.413
2017	2.036	60	389	2.485
2018	1.949	55	577	2.581
2019	2.386	32	666	3.084
2020	2.038	31	0	2.069
2021	2.735	39	0	2.774
TOTAIS	20.192	721	4.097	25.010

A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia e dos concellos, o que require da necesaria coordinación nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvencionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.
- Na homoxeinización da tramitación administrativa requirida dos destinatarios : solicitude e documentación xustificativa.

A necesidade de coordinación é consecuencia de tres circunstancias relevantes:

- 1º.- A simplificación e racionalización administrativa: Coordinar e homoxeneizar as solicitudes, tramitación e xustificación suporá unha significativa redución do custe administrativo de xestión, tanto para as administracións concedentes como para os destinatarios da acción de fomento.
- 2º.- No proceso de control financeiro de subvención unha das principais infraccións detectadas é a non declaración de tódolos ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- 3º.- A existencia de convocatorias concorrentes con outras Administración públicas require que as bases correspondentes establezan criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as formas de delimitar a súa aplicación.

Os mesmos criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as súas delimitacións requírense naquelas convocatorias da propia Deputación que se dirixan aos mesmos destinatarios potenciais.

A inexistencia de criterios de compatibilidade/incompatibilidade pode dar lugar a supostos nos que o financiamento concorrente alcance ou supere o 100% do gasto subvencionable.

O importe medio das subvencións outorgadas con este procedemento (2012-2021) foi de 5.672,56 €



importe moi inferior á media das subvencións nominativas outorgadas, que ascendeu 39.622,80€ . Nalgunhas convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto, os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

EXERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2021			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	2.683,65	29.193,87	407,89	2.943,52
2013	3.072,94	37.503,24	424,66	4.187,44
2014	3.044,48	39.539,00	417,93	4.664,16
2015	3.593,30	34.432,55	419,13	4.300,13
2016	4.267,99	41.613,47	590,39	4.724,86
2017	6.554,14	45.801,32	951,52	6.624,73
2018	6.774,69	50.003,46	933,20	6.389,97
2019	6.224,57	45.058,63	965,37	5.491,78
2020	7.334,76	39.560,21	649,69	7.817,60
2021	8.762,83	46.659,06	649,69	9.295,61
TOTAIS	5.479,44	39.622,80	649,69	5.672,56

A composición das Comisións de Valoración definidas nas bases xerais das convocatorias tramitadas nos exercicios 2018 e 2021 foron obxecto de adecuación ás consideracións contidas nos informes preceptivos da Secretaría e a Intervención de exercicios anteriores, e están conformadas por persoas expertas nas materias obxecto de cada convocatoria.

VIII.3.b).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a entidades sen ánimo de lucro.

En relación coas subvencións nominativas tramitadas no período obxecto de análise a favor de entidades, e persoas físicas ou xurídicas privadas, poden realizarse as seguintes consideracións:

En algunha das subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro non se acreditaron, as razóns que non permitían o seu outorgamento a través dos principios xerais de publicidade, concorrancia, igualdade e non discriminación, a xuízo do servizo de fiscalización.

Como se pode comprobar, a maior parte das subvencións nominativas outorgadas refírese a investimentos ou actividades de carácter cultural, deportivo, de servizos sociais ou promoción económica que coinciden no seu obxecto e destinatarios con convocatorias públicas de subvencións tramitadas en réxime de concorrancia competitiva pola propia Deputación provincial, polos distintos órganos da Comunidade Autónoma ou polos concellos da provincia. Non consta a realización das tarefas orientadas á adecuada coordinación, colaboración ou cooperación coas restantes administracións públicas e tomar en consideración a posible concorrancia de subvencións públicas para a mesma finalidade (no momento da valoración da solicitude e con motivo da xustificación correspondente).



O importe da subvención provincial outorgada e o coeficiente de financiamento resultante non responde a criterios obxectivos adecuadamente expostos ou motivados nos expedientes tramitados.

Algunhas entidades foron obxecto de subvención nominativa provincial en varios exercicios, de forma anual, para o mesmo obxecto: actividade deportiva, cultural e outras. No **anexo nº 10** recóllese o detalle e o importe das subvencións outorgadas a cada entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1/1/2021 e o 31/12/2021.

Como xa se indicou no apartado anterior, o importe medio das subvencións nominativas outorgadas no período considerado (2012-2021) ascendeu a 39.622,80€. Hai que reiterar que neste apartado o importe medio das subvencións concedidas no mesmo período en réxime de concorrencia foi de 5.479,44 €.

Ante a concorrencia de subvencións outorgadas para as mesmas finalidades por distintas administracións públicas resulta imprescindible a necesaria coordinación entre elas, para dar, así, cumprimento aos obxectivos propostos no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia para as Deputacións provinciais e evitar os efectos da concorrencia efectiva de distintas subvencións públicas á mesma entidade para a igual finalidade.

A forma normal de outorgamento das subvencións públicas prevista no ordenamento xurídico é a de concorrencia competitiva, conforme os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados. A este respecto hai que indicar neste apartado que a tramitación e a aprobación de Bases específicas para proxectos singulares nas áreas de Cultura, Deportes e Desenvolvemento territorial e Medio Ambiente permite que no exercicio 2020 se reduciara significativamente o número e a coantía das subvencións nominativas tramitadas en exercicios anteriores. Esta circunstancia queda reflectida no **Anexo 14** do presente informe.

A non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe ou do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución Española, no artigo 54 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas, e por tanto, pode constituír un dos supostos recolleitos no artigo 216.2.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación correspondente e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas Entidades e nas actividades ou investimentos subvencionados para a non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento, en todo caso, e especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda máis, cando ascenda ao 100% do orzamento do investimento ou da actividade obxecto de subvención.

Neste apartado resulta particularmente significativo o carácter recorrente dalgunhas subvencións nominativas outorgadas anualmente a determinadas entidades, tal e como se recolle no **Anexo 10** do presente informe.

A coincidencia do obxecto e finalidade dalgunhas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia con outras outorgadas nominativamente require dunha análise singular orientada a evitar as desigualdades que esta circunstancia pode xerar e a incluír a totalidade das subvencións tramitadas no procedemento de concorrencia competitiva coas previsións e consideracións que procedan nas Bases de convocatoria para asegurar os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade, sen prexuízo de tomar en consideración de forma obxectiva e adecuadamente ponderada as particularidades relevantes xuridicamente dos posibles beneficiarios.

As bases das convocatorias tramitadas a partires do exercicio 2018 conteñen a adecuación da composición da Comisión de Valoración nelas contempladas ás indicacións contidas nos informes da Secretaría e Intervención Provincial en exercicios anteriores.



Nalgunhas convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto, os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

Os convenios-tipo aprobados para a tramitación de subvencións nominativas requiren dunha redacción que permita incorporar o Control de Calidade das obras ou investimentos financiados, a tramitación dos contratos externos conforme os criterios da normativa de contratos do sector público, a participación dos técnicos provinciais nas comisións avaliadoras das ofertas nos procesos de contratación nas recepcións de obras ou investimentos e outras medidas orientadas a garantir a legalidade e eficacia na acción desenvolvida polas entidades beneficiarias.

VIII.3.c).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrência dirixidas a entidades con ánimo de lucro.

Entre os programas de subvencións en **réxime de concorrência** incluíronse nove convocatorias dirixidas a **entidades xurídicas con ánimo de lucro destinadas a** :

UNIDADE	CONVOCATORIA
CULTURA	FO300 Subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia
	FO301 Subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia
PROMOCIÓN ECONÓMICA	FO028B Agrarias Investimentos
	DP0041 Programa de subvencións a entidades lucrativas para o desenvolvemento de festas musicais na provincia da Coruña durante o ano 2021
PEL	PEL REACTIVA II HOSTELERIA E AXENCIAS DE VIAXES
	PEL EMPRENDE INVERSION
	PEL AUTONOM@S
	PEL PEMES CREACION E AMPLIACION
	PEL PEMES MANTEMENTO

Neste apartado debe facerse mención as seguintes consideracións:

- A apreciación no exercicio 2019 de dificultades na fiscalización e control financeiro no obxecto subvencionable de actividades, nos conceptos de estudos, informes e deseño de páxinas web de internet, convertíu estes conceptos en áreas de risco evidentes. Nos exercicios 2020 e 2021 non se convocaron subvencións para actividades con estes conceptos subvencionables.
- A non coordinación con outras Administracións Públicas, singularmente coa Xunta de Galicia, da lugar a numerosos supostos de concorrência, que requiren do establecemento de criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade, que garantan as normas de xeral aplicación: límite da regra de "minimis" e adicionalidade (garantía dunha achega mínima con fondos propios da beneficiaria).
- Nas convocatorias da propia Deputación faise necesaria a determinación dos criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade.



- Por todas as razóns expostas, requírese unha valoración das condicións de xustificación das subvencións dirixida a entidades con ánimo de lucro.

Ao propio tempo, a Intervención provincial incluírá un apartado singular no Plan de Control Financeiro de subvencións para poder verificar as "áreas de risco " e as particularidades das subvencións outorgadas a entidades privadas con ánimo de lucro.

VIII.4.-Consideracións sobre outras acción de fomento a favor de persoas o entidades privadas.

As bolsas, tanto as procedentes de convenios como de bases aprobadas pola Deputación, teñen unha duración dun ano, prorrogable por outro máis. No entanto, dada a posibilidade de encadear prácticas curriculares e extracurriculares o tempo de permanencia na Deputación pode duplicarse, polo que se deberá actuar adoptando as cautelas e prevencións necesarias para garantir que as prácticas bolseiras non perdan, en ningún momento, a súa natureza exclusivamente formativa tanto pola súa duración como polas promocións que se poidan presentar ás convocatorias.

Aínda que no exercicio 2021 non se realizaron prácticas formativas, resulta conveniente ~~imprescindible~~ reiterar o manifestado polos servizos de xestión de recursos humanos e de fiscalización nos informes emitidos ao respecto :

- As bolsas deben estar amparadas en Convenios formalizados coas autoridades educativas competentes.
- Deben referirse a programas formativos detallados expresamente polas Universidades.
- Deben contar cun titor designado pola Universidade e outro pola Deputación con criterios de idoneidade técnica.
- Deben ser obxecto de avaliación periódica polas titorías designadas aquelas cuestións que se indiquen no programa formativo correspondente.
- Debe motivarse a súa duración do período de prácticas no programa formativo, coa especificación da duración atribuída a cada acción formativa nel contemplada.

Nos Convenios que se tramiten deben recollerse detallada e motivadamente tódolos aspectos indicados anteriormente e corresponderá as titorías garantir que as actividades que se leven a cabo polos bolseiros teñan carácter exclusivamente formativo.

VIII.5.- Necesidade de actualizar o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial 2020-2022.

Para dar cumprimento as especificacións do propio Plan Estratéxico aprobado, resulta necesario, urgente e inaprazable a convocatoria da Comisión de Seguimento para a avaliación das accións que o integran.

Os obxectivos do **seguimento e avaliación** do Plan Estratéxico de Subvencións se contemplan no seu apartado 6.1 , nos seguintes termos :

Os obxectivos do seguimento e avaliación do PES/DAC céntranse polo tanto en:

- "- Modificar, actualizar ou suprimir as actuacións de fomento que puideran ter perdido a súa vixencia ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos pretendidos.
- Actualizar os importes das que se manteñan en base aos orzamentos anuais aprobados.
- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias debido á detección de novas necesidades que, en todo caso, estean orientadas á consecución dos obxectivos previamente establecidos ."

En relación coa súa **actualización**, o propio Plan establece no apartado 6.2, do seu texto normativo:

"O PES/DAC, polo seu **carácter programático** e de previsión, está supeditado ás circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do **seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas** se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión extraordinaria do 17 de xuño de 2022.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Xosé Luis Penas Corral	BNG
Antonio Deibe Sanmartín	PP
Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Ignacio Codesido Barreiro	PP
José Luis Pérez Añón	PP
Manuel Taboada Vigo	PP
Cristina Capelán Cancelo	PSOE
José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Sandra González Castro	PSOE

Escusado:

Ángel García Seoane	AVV
Alberto Lema Suárez	MA

Presentes:

Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
José Manuel Pardellas Rivera (Interventor Xeral)
Miguel Iglesias Martínez (Oficial Mayor)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2022 de aprobación polo Pleno.

Esta comisión aproba, por unanimidade, o seguinte ditame:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 6.727.860,41 € e que ofrece o seguinte resumo:



A NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	1.200.140,00
SC. Suplementos de crédito:	5.527.720,41
Total aumentos:	6.727.860,41

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	6.471.338,85
Baixas por anulación:	256.521,56
Total financiamento:	6.727.860,41

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	44.210,30	0,00
2 Gastos correntes	1.064.398,20	0,00
3 Gastos financeiros	200.000,00	0,00
4 Trans. Correntes	861.121,26	180.000,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	2.891.272,99	0,00
7 Trans. de capital	1.666.857,66	76.521,56
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	6.727.860,41	256.521,56

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	6.471.338,85
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	6.471.338,85

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.



3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste



senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

O presidente: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



AMPARO TABOADA GIL, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

25. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2022 de aprobación polo Pleno.

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 6.727.860,41 € e que ofrece o seguinte resumo:

A NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	1.200.140,00
SC. Suplementos de crédito:	5.527.720,41
Total aumentos:	6.727.860,41

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	6.471.338,85
Baixas por anulación:	256.521,56
Total financiamento:	6.727.860,41

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	44.210,30	0,00
2 Gastos correntes	1.064.398,20	0,00
3 Gastos financeiros	200.000,00	0,00
4 Trans. Correntes	861.121,26	180.000,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00



5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Investimentos reais	2.891.272,99	0,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	1.666.857,66	76.521,56	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	6.471.338,85
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	6.727.860,41	256.521,56	TOTAL:	6.471.338,85

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un



posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará trámite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre *"Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas"*, de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.



E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

A secretaria: Amparo Taboada Gil (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)



BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958



MÉRCORES, 29 DE XUÑO DE 2022

MIÉRCOLES, 29 DE JUNIO DE 2022 | BOP NÚMERO 122

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 de aprobación polo Pleno

ANUNCIO

Na sesión plenaria celebrada o día 23 de xuño de 2022 a Corporación Provincial acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/2022.

O dito expediente queda de manifesto na Secretaría desta Deputación polo prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren oportunas.

De non se presentaren reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e artigo 177.2 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A Coruña, 23 de xuño de 2022.

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria xeral

Amparo Taboada Gil

2022/3886



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E
ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

Miguel Iglesias Martínez, secretario accidental da Deputación Provincial da Coruña, da que é presidente **Valentín González Formoso**,

CERTIFICA:

Que por anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 122 do día 29 de xuño de 2022, expúxose ao público no prazo de quince días hábiles e para os efectos do disposto no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, o ***expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 de aprobación polo Pleno***, que se tramita dentro do vixente orzamento, sen que durante o dito prazo se presentara reclamación ningunha contra o devandito expediente.

Expido o presente certificado para que produza os efectos oportunos e se achegue ao respectivo expediente, de orde e co visto e praxe do Presidente, na Coruña, a vinte e un de xullo de 2022.

Vº e praxe,

O presidente,
(asinado dixitalmente)

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958

BOP



MARTES, 26 DE XULLO DE 2022 MARTES, 26 DE JULIO DE 2022 | BOP NÚMERO 140

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 3/2022 de aprobación polo Pleno.

ANUNCIO

A Corporación provincial, en sesión plenaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou o **Expediente de modificación de créditos núm. 3/2022**, que se tramitan dentro do vixente orzamento xeral da Deputación provincial. O expediente considérase definitivamente aprobado ao non se formularen reclamacións no prazo de exposición ao público. En cumprimento do disposto nos artigos 38.2 e 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril, publícase o resumo do dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuada a oportuna modificación, quedando como se detalla:

Orzamento Xeral Ordinario

Estado de situación dos créditos definitivos no día de hoxe, unha vez incorporado o Expediente de modificación de créditos núm. **3/2022**:

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
CAPÍTULO I	52.227.623,00	52.271.833,30
CAPÍTULO II	52.781.721,67	53.846.119,87
CAPÍTULO III	926.949,82	1.126.949,82
CAPÍTULO IV	119.746.043,95	120.427.165,21
CAPÍTULO V	3.780.000,00	3.780.000,00
CAPÍTULO VI	76.520.864,98	79.412.137,97
CAPÍTULO VII	189.480.576,78	191.070.912,88
CAPÍTULO VIII	11.798.903,38	11.798.903,38
CAPÍTULO IX	0,00	0,00
TOTAIS:	507.262.683,58	513.734.022,43

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 21 de xullo de 2022

O presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

(asinado dixitalmente)

2022/4522